# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

# EDUCACIÓN BÁSICA INICIAL

**Curso 2023 – 2024**

**IES de Rodeira**

**ÍNDICE**

INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN ..................................................... 5

**PROGRAMACIÓN EBI** ........................................................................ 8

1. PROGRAMACIÓN ÁMBITO DA COMUNICACIÓN ........................................ 8

1.1 OBXECTIVOS XERAIS. ........................................................................ 8

1.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN ........................................ 9

1.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS. ........................................................................ 11

1.4 CONTRIBUCIÓN DESTE ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS. 15

1.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS ........................................................ 17

1.6 TEMPORALIZACIÓN ........................................................................ 19

1.7 AVALIACIÓN........................................................................ 19

2. ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA ........................................ 20

2.1 OBXECTIVOS XERAIS ........................................................................ 20

2.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO DE MATEMÁTICAS ........................................ 21

2.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS........................................................................ 23

2.4 CONTRIBUCIÓN DESTE ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS. 27

2.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS ........................................................ 29

2.6 TEMPORALIZACIÓN ........................................................................ 31

2.7. AVALIACIÓN ........................................................................ 31

3. ÁMBITO DA CIENCIA, SOCIEDADE, TECNOLOXÍA E DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL ........................................................................ 32

3.1 OBXECTIVOS XERAIS. ........................................................................ 32

3.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO DA SOCIEDADE, DA TECNOLOXÍA E DO DESENVOLVEMENTO E A INICIATIVA PERSOAL ........................................ 33

3.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS........................................................................ 35

3.4 CONTRIBUCIÓN DESTE ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS 40

3.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS. ........................................................ 41

3.6 TEMPORALIZACIÓN ........................................................................ 42

3.7 AVALIACIÓN........................................................................ 43

**PROGRAMACIÓN EBI-II** .......... 44
1. ÁMBITO DA COMUNICACIÓN .......... 44
1.1 OBXECTIVOS XERAIS. .......... 44
1.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN .......... 45
1.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS .......... 47
1.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS .......... 72
1.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS. .......... 74
1.6 TEMPORALIZACIÓN .......... 78
1.7 AVALIACIÓN .......... 79
2. ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA .......... 80
2.1 OBXECTIVOS XERAIS. .......... 80
2.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO DE MATEMÁTICAS. .......... 81
2.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS .......... 83
2.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE .......... 93
2.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS. .......... 95
2.6 TEMPORALIZACIÓN .......... 97
2.7 AVALIACIÓN .......... 97
3. ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL .......... 97
3.1 OBXECTIVOS XERAIS. .......... 98
3.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO .......... 99
3.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS. .......... 101
3.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. .......... 110
3.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS .......... 111
3.6 TEMPORALIZACIÓN .......... 113
3.7 AVALIACIÓN .......... 114
4. ÁMBITO DO DEDESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL .......... 115
4.1 OBXECTIVOS XERAIS. .......... 115
4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL .......... 116
4.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES E RESULTADOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES E COMPETENCIAS. .......... 118

4.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE ..... 122
4.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS ..... 126
4.6 TEMPORALIZACIÓN ..... 130
4.7 AVALIACIÓN ..... 130

## INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

O IES de Rodeira está situado no entorno mariñeiro da vila de Cangas. Impártense nel as etapas educativas da Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional (Administración, Electrónica e Informática), PCPI (Programa de Cualificación Profesional Innicial) e Ensinanzas de Adultos (Aula Mentor, Obradoiros, ESA e EBI I e II).



O cómputo do alumnado que cursa a EBI nivel I neste centro é de 21 alumnos/as con idades comprendidas entre os 45 e os 82 anos, pertencentes case todos/as a grupos familiares dun estrato social medio-baixo. Existe unha porcentaxe moi baixa de alumnado extranxeiro nesta aula, contando só con 3 alumnas de nacionalidade marroquí.

Por outra banda, o alumnado de EBI nivel II está formado por un total de 29 alumnos/as con idades comprendidas entre os 56 e os 86 anos, pertencentes tamén, case todos eles, a familias dun nivel socio-económico medio-baixo. Non atopamos, neste grupo, alumnado extranxeiro.

As ensinanzas do nivel I das ensinanzas básicas iniciais deben permitir á persoa adulta adquirir técnicas de lecto-escritura, cálculo e información sobre o seu contorno que lles faciliten a comprensión lingüística e matemática suficiente para satisfacer as necesidades que se lle presenten na súa vida cotiá e axudarlles a comprender a realidade na que viven.

As ensinanzas básicas iniciais do nivel II están dirixidas a consolidar as habilidades instrumentais básicas de lecto-escritura e de cálculo matemático traballadas no nivel I, dándolles así os coñecementos precisos para desenvolver as competencias básicas que lles permitirán obter unha formación integral dentro do horizonte da aprendizaxe ó longo de toda a vida, contribuindo así a súa realización personal.

Dada a heteroxeneidade do colectivo presente nas aulas, debemos atender á diversidade partindo das súas realidades e características individuais. Para logralo, seguiremos unha metodoloxía aberta, flexible, diversificada e individualizada que contribúa o desenvolvemento das capacidades do noso alumnado.

Estas ensinanzas están dirixidas a:

≈ Promover a inserción social das persoas adultas, especialmente das pertencentes a grupos en risco de exclusión social e daquelas que, procedentes doutras países, necesitan estas aprendizaxes para a súa integración social e laboral.

≈ Facilitar o proceso de interpretación e transformación da realidade máis próxima.

≈ Favorecer a comprensión e adaptación aos cambios que se producen no mundo actual.

≈ Permitir o acceso a novas aprendizaxes e tecnoloxías facilitando a súa integración no medio social, cultural e laboral.

- ≈ Elevar o seu nivel de autoestima e confianza en si mesmos, facilitándolles a construción de expectativas positivas sobre as súas posibilidades de autoaprendizaxe e progreso nos planos persoal, laboral e profesional e desenvolver niveis de maior autonomía.
- ≈ Fomentar a valoración positiva das institucións democráticas e a participación activa nelas.

Os contidos están seleccionados e temporalizados permitíndonos axustalos ó nivel do alumnado de cada grupo (nivel). A tarefa de secuenciación dos obxectivos e contidos estará supeditada, tanto á legislación vixente coma aos seguintes aspectos:



- ❖ Ao Proxecto Educativo do centro.
- ❖ As directrices marcadas pola CCP.
- ❖ As características do alumnado.
- ❖ Á influenza da contorna e o achegamento, o máis posible dos contidos a esa contorna.
- ❖ Aos recursos materiais, espaciais e temporais.
- ❖ A relación entre as actividades, as capacidades e as competencias.
- ❖ A metodoloxía de cada mestre/a que imparte no nivel.
- ❖ Aos criterios de avaliación.
- ❖ As propostas de mellora expostas na Memoria do curso anterior.

## Referencias lexislativas vixentes:

- ✓ Decreto 88/1999, de 11 de marzo, polo que se regula a ordenación xeral das ensinanzas de educación de persoas adultas e os requisitos mínimos dos centros.
- ✓ Lei 9/1992, de 24 de xullo, de educación e promoción de adultos.
- ✓ Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio, de Educación (LOE).
- ✓ Lei Orgánica 8/2013 de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- ✓ Real Decreto 132/2010, do 12 de febreiro, polo que se establecen os requisitos mínimos dos centros que imparten as ensinanzas do segundo ciclo da educación infantil a educación primaria e a educación secundaria
- ✓ Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- ✓ Orde 9 de xuño de 2016, pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Orde do 11 de xuño de 2010 pola que se autorizan as ensinanzas de educación para persoas adultas, nas modalidades presencial e a distancia, en centros específicos de educación e promoción de adultos e institutos de educación secundaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

- ✓ Orde do 20 de marzo de 2018 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Decreto 229/2011, de 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ✓ Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de setembro polo que se regula a diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.
- ✓ Resolución do 7 de agosto do 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se dictan instruccións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacherelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2023/2024.
- ✓ Circular 4/2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa, pola que se ditan Instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros EPA e dos institutos de educación secundaria que impartan ensinanzas básicas de educación para persoas adultas polas modalidades presencial e a distancia no curso 2020/2021.

# PROGRAMACIÓN EBI I



## 1 PROGRAMACIÓN ÁMBITO DA COMUNICACIÓN.

### 1.1 OBXECTIVOS XERAIS.

As ensinanzas básicas iniciais (EBI) contribuirán a desenvolver nos adultos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentidocrítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolverhábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



## 1.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN.

- Participar en situacións de comunicación dirixidas e espontáneas respetando as normas de comunicación nas distintas linguas do ámbito da comunicación.
- Integrar e recoñecer a formación verbal e non verbal dos discursos orais.
- Expresarse de forma oral satisfacendo as necesidades de comunicación en diferentes situacións.
- Comprender as mensaxes orais e analizalas con sentido crítico.
- Ampliar o vocabulario para lograr una expresión precisa utilizando o diccionario comorecurso básico.
- Comprender e memorizar diferentes tipos de textos orais e escritos.
- Producir textos orais e sencillos relacionados co ámbito cotiá do alumno nas distintaslinguas do ámbito da comunicación.
- Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacions e experiencias de outras persoas.
- Ler en voz alta e en silencio e comprender distintos tipos de textos acordes a sua idade.
- Utilizar estratexias para a comprensión de textos de diferente índole.
- Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a búsqueda de información.
- Formular hipótesis sobre os contidos e a temática das unidades, e participar ensituacións comunicativas relacionadas ca mesma.
- Ler comprensivamente un texto narrativo ca pronunciación, ritmo e entonación adecuada e responder as actividades de comprensión lectora.

- Coñecer o que é un diccionario, para qué sirven osdistintos tipos de diccionarios esaber utilizalos.
- Recoñecer os elementos que interveñen en todo acto comunicativo.
- Recoñecer e utilizar adecuadamente as fórmulas de cortesía (saúdos, presentacións, despedidas).
- Realizar búsquedas nunha enciclopedia en línea
- Coñecer as reglas de acentuación de diptongos e hiatos
- Coñecer as diferentes linguas oficiais de España e as comunidades autónomas
- Identificar a lingua galega con calquera contexto de uso e valorar as diferenzas dialectais orais como elemento enriquecedor
- Aprender a subliñar, esquematizar e resumir a información relevante dun texto.
- Coñecer e usar a biblioteca do centro e as bibliotecas virtuais, mostrando respecto polas súas normas de funcionamento.
- Mostrar interese polo coidado da presentación dos textos escritos e valorar a escritura como instrumento de relación social e de obtención e comprensión da información.
- Coñecer, de xeito xeral, as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural
- Valorar e apreciar a literatura en xeral, e a galega en particular, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

## 1.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1: Comunicación oral | | | |
| • f<br>• g<br>• h<br>• n | B1.1. Situacións comunicativas, espontáneas ou dirixidas, utilizando un discurso ordenado, coherente e cunha entoación, pronunciación, ritmo e vocabulario acordes a cada situación.<br>B1.2. Audición e reprodución de textos de diversa tipoloxía textual.<br>B1.3. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais. | B1.1. Coñecer basicamente o código lingüístico verbal e códigos sinxelos non verbais para comprender e expresar correctamente mensaxes orais e escritas da vida cotiá, estruturados e adecuados a diferentes situacións comunicativas con distintos tipos de interlocutores e diversas finalidades. | B1.1.1. Comprende de maneira básica o código lingüístico. | • CCL |
| | | | B1.1.2. Utiliza os recursos lingüísticos e non lingüísticos adecuados á intención comunicativa. | |
| | | | B1.1.3. Comprende e expresa textos orais e escritos segundo a súa tipoloxía: narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos, instrutivos, informativos y persuasivos. | • CCL<br>• CAA |
| | | | B1.1.4. Comprende a información esencial en mensaxes orais e escrituras de contido diverso e uso habitual e extrae as ideas principais e secundarias e o sentido global do texto. | • CCL |
| | | | B1.1.5. Emprega a lingua oral e escritura con distintas finalidades e como forma de comunicación e de expresión persoal en distintos ámbitos de uso. | • CCL<br>• CSC |
| | | | B1.1.6.Transmite as ideas con claridade, orde, coherencia e corrección. | • CCL |
| • b<br>• g<br>• n | B1.4. Estratexias e normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo. | B1.2. Utilizar a linguaxe como ferramenta fundamental para identificar, expor e resolver situacións cotiás conforme a actitudes propias dunha sociedade democrática, con tolerancia, empatía e inspirando confianza e mostrando unhaactitude construtiva, de respecto ás diferenzas, e sen | B1.2.1.Utiliza a lingua oral para expoñer de xeito ordenado e coherente o contido verbal que se quere transmitir segundo o tipo de interlocutor. | • CCL<br>• CSC |
| | | | B1.2.2. Aplica as normas sociolingüísticas para o intercambio comunicativo: escoita activamente, espera a quenda de palabra, participa con respecto e utiliza normas de cortesía. | |
| | | | B1.2.3. Le información sobre feitos sociais procedente de diferentes medios. | • CLC<br>• CMCCT |

| ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | prexuízos. | B1.2.4.Utiliza a linguaxe para interactuar de modo positivo e resolver conflitos. | • CLC<br>• CSC |
| | | | B1.2.5. Realiza interpretacións persoais dos contidos dos medios de comunicación impresos, audiovisuais e dixitais. | • CD<br>• CSC |
| | | | B1.2.6 Expresa oralmente os seus propios xuízos sobre os contidos das mensaxes recibidas, sobre temas cotiáns ou outros asuntos do seu interese, respectando os sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos demais. | • CCL<br>• CSC |
| • a<br>• e<br>• h<br>• n | B1.5 Estratexias para utilizar alinguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe.<br>B1.6 Comentario oral e xuízo persoal respectuoso. | B1.3. Empregar a linguaxe para desenvolver a capacidade de transformar as ideas en actos. | B1.3.1. Interpreta, valora a información e explícaa coa súa bagaxe lingüística. | • CCL |
| | | | B1.3.2. Verbaliza valoracións de si mesmo e do seu proceso de realización persoal con intencións de mellora e actitude de superación. | • CCL<br>• CSIEE |
| | | | B1.3.3. Explica oralmente procedementos para resolver diferentes tipos de problemas con iniciativa persoal. | • CCL<br>• CSIEE |
| | | | B1.3.4. Posúe a habilidade lingüística para realizar negociación efectivas, para traballar en equipo e para exercer o liderado con sentido da responsabilidade. | • CSC<br>• CSIEE |
| **Bloque 2: Comunicación escrita** | | | | |
| • e<br>• g<br>• h | B2.1. Recursos gráficos na comunicación escrita. Consolidación do sistema de lecto-escritura.<br>B2.2. Composición de | B2.1. Coñecer basicamente o código lingüístico verbal para expresar correctamente mensaxes escritas da vida cotiá, estruturadas e adecuadas a diferentes situacións comunicativas | B2.1.1. Elabora e presenta documentos escritos con limpeza, claridade, precisión e orde. | • CCL<br>• CAA |
| | | | B2.1.2. Aplica as normas ortográficas, gramaticais, semánticas, discursivas e comunicativas adquiridas para lograr unha comunicación eficaz. | • CCL<br>• CSC |

| ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | diferentes tipos de textos para expresar os propios coñecementos, vivencias e necesidades.<br>B2.3. Expresión escrita de textos de diversa tipoloxía textual con claridade, precisión e corrección.<br>B2.4. A presentación de documentos escritos: caligrafía, orde e limpeza. | con distintos tipos de interlocutores e diversas finalidades. | | |
| • d<br>• e<br>• g<br>• i | B2.5. Lectura e reprodución de textos de diversa índole.<br>B2.6 Estratexias para a comprensión escrita de textos breves e sinxelos lidos en voz alta e en silencio.<br>B2.7. Identificación do sentido global do texto e das ideas principais e secundarias.<br>B2.8. Valoración crítica das mensaxes e valores transmitidos por un texto sinxelo. | B2.2. Utilizar a linguaxe básica dixital para desenvolver as diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e o seu uso para a comunicación tanto en contextos formais como non formais e informais. | B2.2.1. Recoñece unha linguaxe específica básica (icónica, visual e gráfica) para poder utilizar con eficacia as novas tecnoloxías. | • CD |
| | | | B2.2.2. Usa eficazmente as novas tecnoloxías mediante o emprego dunha linguaxe textual básica. | • CCL<br>• CD |
| | | | B2.2.3. Utiliza diversas aplicacións e recursos informáticos para obter información. | • CD<br>• CAA |
| | | | B2.2.4. Utiliza programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.<br>B2.2.5. Escribe, en diferentes soportes informáticos, textos propios do ámbito da vida cotiá imitando modelos. | • CD<br>• CAA<br>• CCL<br>• CD |
| **Bloque 3: Coñecemento da lingua** | | | | |
| • e<br>• f | B3.1. Normas ortográficas básicas, as normas xerais de | B3.1. Utilizar a linguaxe para desenvolver os procesos mentais | B3.1.1. Ordena pensamentos e ideas e elabora sinxelos esquemas e mapas mentais. | • CCL<br>• CAA |

| ÁMBITO DA COMUNICACIÓN NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • g | acentuación e os signos de puntuación.<br>B3.2. Relacións semánticas. Palabras sinónimas, antónimas e polisémicas. Campo semántico.<br>B3.3. O abecedario e a orde alfabética. Consulta do dicionario para resolver dúbidas.<br>B3.4. Oración: concordancia suxeito e predicado.<br>B3.5. Estratexias para a adquisición de vocabulario.<br>B3.6. Usos discursivos da linguaxe. | cognitivos e como un instrumento óptimo para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe e o enriquecemento persoal e social. | B3.1.2. Manexa de forma efectiva o dicionario para ampliar o seu vocabulario e expresarse con precisión e corrección. | • CCL<br>• CAA |
| | | | B3.1.3. Utiliza a escritura para describir e explicar a súa representación do mundo. | • CCL<br>• CCEC |
| | | | B3.1.4. Emprega a linguaxe como fonte de información na práctica das estratexias de aprendizaxe, estudo e traballo. | • CCL<br>• CAA |
| | | | B3.1.5. Recorre á lectura para obter información, para aprender a propia lingua e por pracer. | • CCL<br>• CAA<br>• CCEC<br>• CMCCT<br>• CSIEE |
| | | | B3.1.6. Identifica e valora os coñecementos acadados e os que necesita adquirir para desenvolver competencias para a aprendizaxe permanente ao longo da vida. | |
| **Bloque 4: Educación literaria** | | | | |
| • h<br>• m<br>• n | B4.1. Achegamento á literatura. Textos literarios e non literarios.<br>B4.2. Lectura dramatizada e comentada de textos literarios significativos.<br>B4.3. Comprensión, memorización e recitación de textos literarios.<br>B4.4. A biblioteca: procura de información e lecer. | B4.1. Comprender e interpretar a linguaxe que forma parte das manifestacións culturais ou artísticas e utilizala para expresar as propias ideas, pensamentos e sentimentos, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética. | B4.1.1. Goza coas artes escénicas e realiza apreciacións persoais compartíndoas con outras persoas. | • CCL<br>• CCEC |
| | | | B4.1.2. Recoñece o valor da linguaxe musical e identifica os sentimentos que xera. | • CCEC |
| | | | B4.1.3. Utiliza textos literarios sinxelos para gozar e enriquecerse culturalmente. | • CCL<br>• CCEC |
| | | | B4.1.4. Comprende e valora con actitude aberta e respectuosa e con espírito crítico as diferentes manifestacións culturais e artísticas. | • CSC<br>• CCEC |
| | | | B4.1.5. Utiliza as diferentes manifestacións culturais e artísticas como fonte de enriquecemento e goce persoal e as considera parte da riqueza e patrimonio dos pobos. | |
| | | | B4.1.6. Manifesta unha actitude crítica e de rexeitamento ante calquera manifestación artística que leve discriminación social, cultural, étnica ou de xénero. | • CCL<br>• CSC |

## 1.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO DA COMUNICACIÓN AODESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.



**Comunicación lingüística.**

- Comprender o sentido dos textos escritos nas linguas do ámbito.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas e gramaticais para elaborar textos escritos.
- Manter conversacions en outras lenguas sobre temas cotidiàs en distintos contextos.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para ser usados en situacións cotidias ou de asignaturas diversas.
- Respetar as normas de comunicación en cualquier contexto: turno de palabra, escoita atenta ao interlocutor…

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

O desenvolvemento desta competencia nesta área permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.

- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números, datos, elementos xeométricos…) en situacións cotidiás.
- Comprometerse co uso responsable dos recursos naturais para promover un desenvolvemento sostible.+Tomar conciencia dos cambios producidos polo home no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Desenvolver e promover hábitos de vida saudable en canto á alimentación e ao exercicio físico.
- Xerar criterios persoais acerca da visión social sobre a estética do corpo humano fronte ao coidado saudable deste.

**Competencia dixital.**

- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Empregar distintas fontes para a búsqueda de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes según sua fiabilidade

- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramientas dixitais para a construcción de coñecemento.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

**Conciencia e expresións culturais.**

- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respeto cara as obras máis importantes do patrimonio cultural a nivel mundial.
- Valorar a interculturalidade como una fonte de riqueza persoal ecultural.
- Expresar sentimientos e emociòns dende códigos artísticos.
- Apreciar a belleza das expresións artísticas.
- Elaborar traballos e presentaciòns con sentido estético



**Competencias sociais e cívicas.**

- Encotrar posibilidades no ámbito que outros non ven.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Identificar as implicacions que ten vivir nun estado social e democrático de Dereito por una norma suprema chamada Constitución Española.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demás en situacions de convivencia e traballo para a resolución de conflitos.
- Mostrar disponibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Aprender a comportarse dende o coñecemento dos distintos valores.
- Concebir na escala de valores propia e actuar conforme a ela.Aprender a aprender.
- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos deaprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas…
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Utilizar estratexias que favorezan a comprensión rigurosa dos contidos.
- Utilizar técnicas básicas de estudo que posibilitan a aprendizaxe: resumes, esquemas…
- Compartir emocións, reflexións e opinións co resto de compañeiros.
- Desenvolver a sua creatividade a través da realización de textos orais e escritos.
- Realizar actividades a partir de fotografías e debuxos.

**Sentido de iniciativa e espíritu emprendedor.**

- Optimizar recursos personais aproveitando as fortalezas.
- Xestionar o traballo de grupo coordinando tarefas e tempos.
- Crear novas e diverxentes posibilidades dende coñecementos previosdo tema.
- Configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasosseguintes en función dos resultados intermedios.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.



## 1.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

É importante que o equipo de profesionais de cada centro educativo adapte o currículo ás características do contexto de ensinanza e realice os axustes necesarios para garantir o éxito do alumnado nestas aprendizaxes que constitúen a base do currículo das ensinanzas iniciais.

As propostas de traballo, por tanto, deben estar centradas na implicación e participación activa do alumnado en diálogo co coñecemento. Deste xeito, adquirirá as competencias comunicativa e matemática necesarias para realizar as tarefas por iniciativa persoal e con autonomía. Para iso é fundamental que estean contextualizadas na realidade do alumnado e sexan adecuadas ás súas necesidades.

Esta concepción das tarefas, significativas e aplicables á vida das persoas adultas, implica realizar un achegamento multidisciplinar e global ao coñecemento, que debe conter múltiples estratexias de resolución de problemas en relación ás competencias clave da formación permanente. A proposta metodolóxica que máis se achega a este argumento didáctico e mellor responde ás necesidades dos diferentes estilos e niveis de competencia é o traballo por proxectos creativos, singulares e innovadores, especialmente se son emprendedores.

Os proxectos que se propoñan deben conter actividades sinxelas, claras, ordenadas e sistemáticas para facilitar a adquisición das habilidades fundamentais de estudo e traballo individual e cooperativo.

Os estándares de aprendizaxe propoñen coñecer, comprender e utilizar axeitadamente o código lingüístico verbal da lingua de acceso ao currículo e,

en menor grao, o dunha segunda lingua, así como códigos non verbais para procesar a información presentada en diferentes soportes e sistemas de representación, comunicarse con diferentes persoas en distintos contextos e con diversos fins, así como elaborar e expresar coñecemento.

Cómpre ter en conta que a linguaxe é unha ferramenta esencial para pensar e crear, establecer a ordenación de pensamentos e ideas, elaborar esquemas e representacións e utilizar as

diferentes manifestacións culturais para enriquecerse, gozar e manter unha actitude de aceptación, tolerante e crítica cara a calquera manifestación que implique discriminación.

Outrosí, os estándares de aprendizaxe formulan a relación entre a información sobre situacións reais, os saberes académicos e os coñecementos matemáticos e, neste senso, especifican a interpretación e produción de información sobre aspectos cualitativos e cuantitativos da realidade, a análise, a relación e a expresión matemática de datos de uso cotián, mediante a asociación de conceptos, símbolos e representacións durante o proceso de razoamento lóxico matemático.



Neste senso, inclúen a realización de procesos de razoamento matemático ordenados e sistemáticos, así como a identificación da validez na resolución de problemas e o desenvolvemento de proxectos coa axuda das novas tecnoloxías.

**ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E AGRUPAMENTOS.**

En función do momento e da necesidade, o alumnado traballará:

- Grandes grupos.
- Pequenos grupos.
- Parellas.
- Individualmente.

**ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS.**

A metodoloxía parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1 Fase de **activación**: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.

2 Fase de **dinamización**: é o momento principal da sesión en que se producea interactuación entre alumno-alumno, alumno-profesor.

3 Fase de **reflexión**: a sesión remata coa procura da vinculación entre ocontido traballado e a realidade.

**MATERIAIS E RECURSOS.**

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Uso das TIC.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos.
- Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc.
- Pantalla dixital, fichas, libros de lectura, biblioteca, libretas.
- Caderno de traballo, dicionarios, conexión a internet e revistas.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Proposta de posibles actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar.

## 1.6 TEMPORALIZACIÓN.



O desenvolvemento dos distintos contidos establecidos no currículo para o *Ámbito da Comunicación* levaranse a cabo ao longo do presente curso escolar nos distintos trimestres quedando secuenciados do seguinte modo:

| | |
|---|---|
| **1º TRIMESTRE**<br>11-9-23 / 21-12-23 | *Comunicación oral nas dúas linguas*<br>*Comunicación escrita nas dúas linguas*<br>*Coñecemento da lingua* |
| **2º TRIMESTRE**<br>9-1-24 / 22-3-24 | *Comunicación oral nas dúas linguas*<br>*Comunicación escrita nas dúas linguas*<br>*Coñecemento da lingua* |
| **3º TRIMESTRE**<br>2-4-23 / 21-6-23 | *Comunicación oral nas dúas linguas*<br>*Comunicación escrita nas dúas linguas*<br>*Coñecemento da lingua*<br>*Educación literaria* |

## 1.7 AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas quea integran. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas

**Avaliación inicial.**

A avaliación inicial será levada a cabo a través dunha proba ademais da observación sistemática por parte do profesorado a nivel individual e grupal.

**Avaliación continua.**

Probas escritas correspondentes as unidades propostas así como o traballo diario na aula. Igualmente tamén a través da observación diaria: valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para valorar hábitos e comportamentos desexables.

**Instrumentos de cualificación e ponderación.**



Estimamos oportuno asumir como válidos as porcentaxes seguintes:

40% traballo na aula

40% asistencia ao centro educativo

20% probas.

# 2 ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA

## 2.1 OBXECTIVOS XERAIS .

Contribuirán a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resoluciónde problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.

- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e da Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas esociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.



## 2.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO DE MATEMÁTICAS .

- Formular problemas a partir doutros xa resoltos tendo en conta os datos ou situación dada.
- Utilizar a resolución de problemas de forma eficaz tanto en procesos matemáticos coma en situacións da vida diaria, reflexionando sobre os distintos pasos a seguir, realizando os cálculos necesarios e aplicándoo como estratexia para afrontar calquera tipo de situación.
- Realizar presentacións de datos ou informes que esbocen o resultadoou conclusión dos procesos de investigación.
- Facer predicións baseándose en procedementos matemáticos a través da descrición, análise e elaboración de conclusións en contextos matemáticos aplicando o método científico.
- Desenvolver habilidades persoais para afrontar as tarefas matemáticas evitando os bloqueos e inseguridades e reflexionando sobre asdecisións que se deben tomar.
- Manexar os recursos tecnolóxicos para afrontar os diferentes retos matemáticos que consideren en canto ao tratamento da información ou ao apoio ao proceso de adquisición dos coñecementos.
- Utilizar distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais) en distintas situacións matemáticas.
- Manexar as operacións básicas de cálculo e as súas propiedades na resolución de problemas, actividades ou situacións da vida real.

- Desenvolver o cálculo mental como ferramenta de crecemento persoal e habilidade matemática.
- Dominar o uso das distintas unidades de medida para comparar,transformar ou ordenar datos e para resolver problemas.
- Utilizar a representación espacial, liñas, planos, simetría... para afondarno coñecemento de obxectos cotiáns.
- Coñecer os distintos corpos xeométricos, as súas áreas e volumes paraa comprensión e interpretación do ámbito.
- Representar graficamente a información a través de táboas, gráficas,diagramas...
- Facer estimacións sobre sucesos da vida real sobre a base deprocedementos probabilísticos
- Escribir a descomposición polinómica dun número.

## 2.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 1: Números e operacións | | | |
| • e<br>• j<br>• l | B1.1. Nome e grafía dos números.<br>B1.2. Números enteiros e decimais.<br>B1.3. Números ordinais.<br>B1.4. Numeración romana.<br>B1.5. Sistema de numeración decimal. | B1.1. Comprender e expresarse en diferentes linguaxes empregando adecuadamente os números, os símbolos, as representacións e as expresións matemáticas. | B1.1.1. Entende e utiliza a grafía dos números arábigos e romanos en diferentes contextos de comunicación. | • CMCCT |
| | | | B1.1.2. Comprende e utiliza os símbolos matemáticos básicos para comunicarse en diferentes linguaxes. | |
| | | | B1.1.3.Interpretaeempregaexpresións matemáticas utilizando diferentes sistemas de representación. | • CCL<br>• CMCCT |
| | | | B1.1.4. Relaciona a linguaxe matemática coa linguaxe da vida cotiá. | |
| | | | B1.1.5. Comprende e representa diferentes tipos de información cuantitativa. | • CMCCT |
| • e<br>• j | B1.6. Operacións con números naturais. | B1.2. Aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar y predicir distintos fenómenos nos seus respectivos contextos interpretando os resultados matemáticos e | B1.2.1.Realizaprocesosderazoamento matemático ordenados e sistemáticos e identifica a súa validez. | |
| | | | B1.2.2. Analiza, relaciona e expresa datos matematicamente. | |
| | | | B1.2.3. Sintetiza a información e realiza as | • CCL |

| ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | valorando as solucións polo respecto dos datos e a súa veracidade. | interpretacións necesarias para tomar decisións na resolución de problemas. | • CAA<br>• CMCCT |
| | | | B1.2.4. Relaciona os coñecementos matemáticos con información sobre situacións reais. | • CMCCT |
| | | | B1.2.5. Asocia conceptos, símbolos e representacións durante o proceso de razoamento lóxico matemático. | • CCL<br>• CMCCT |
| | | | B1.2.6. Utiliza a dedución para comprender problemas matemáticos, relacionar os datos, tomar decisións para operar e tirar conclusións sobre resultados. | • CCL<br>• CAA |
| | | | B1.2.7. Clasifica números, medidas, formas xeométricas e diferentes tipos de datos cuantitativos. | • CMCCT |
| • e<br>• j<br>• p | B1.7. Resolución de problemas da vida cotiá. | B1.3. Identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá utilizando os números e as operacións. | B1.3.1. Resolve problemas dun xeito reflexivo, ordenado, sistemático e veraz. | • CMCCT<br>• CSIEE |
| | | | B1.3.2. Le, escribe e ordena números enteiros e decimais interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | • CMCCT |
| | | | B1.3.3. Utiliza estratexias básicas de cálculo mental e realiza cálculos numéricos coas operacións de suma, resta, multiplicación e división. | • CMCCT<br>• CAA |
| | | | B1.3.4. Comprende o sistema de numeración decimal. | • CCL |
| | | B1.4. Empregar a competencia dixital para resolver problemas matemáticos relacionados coa vida cotiá. | B1.4.1. Utiliza a calculadora para realizar operacións básicas. | • CD<br>• CMCCT |
| | | | B1.4.2. Practica exercicios matemáticos con axuda dos recursos e aplicacións dixitais. | |

| ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | | |
| | | B1.5. Seguir procesos reflexivos que implican planificación, supervisión e avaliación do resultado e do proceso e para resolver problemas. | B1.5.1. Comprende o enunciado dos problemas. | • CCL |
| | | | B1.5.2. Analiza, relaciona e representa a información do problema. | • CCL<br>• CAA |
| | | | B1.5.3. Selecciona estratexias e procedementos adecuados para a resolución de problemas. | • CAA<br>• CMCCT |
| | | | B1.5.4. Realiza axustes durante a resolución de problemas para chegar a resolvelos. | |
| | | | B1.5.5. Valora os resultados obtidos e saca conclusións sobre eles. | • CCL |
| **Bloque 2: A medida. Estimación e cálculo de magnitudes** | | | | |
| .<br>• j | B2.1. Medidas de lonxitude, capacidade e masa.<br>B2.2. Medidas de tempo.<br>B2.3. Instrumentos de medida.<br>B2.4. Comparación, equivalencias e transformacións de medidas dunha mesma magnitude.<br>B2.5. Sistema monetario.<br>B2.6. Resolución de problemas de medida. | B2.1. Identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá utilizando os números, as operacións e as medidas | B2.1.1. Emprega unidades de medidas convencionais. | • CMCCT |
| | | | B2.1.2. Realiza comparacións, equivalencias e transformacións de medidas dunha mesma magnitude. | • CMCCT<br>• CAA |
| | | | B2.1.3. Selecciona os instrumentos e unidades de medida adecuados para realizar medicións de lonxitude, masa, capacidade e tempo en situacións reais. | • CMCCT |
| | | | B2.1.4. Coñece o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea. | • CMCCT<br>• CSIEE |
| **Bloque 3: Xeometría** | | | | |
| • e | B3.1. Situación no espazo. | B3.1. Identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá utilizando os números e a xeometría. | B3.1.1. Comprende e emprega representacións xeométricas durante a resolución de problemas. | • CMCCT |

| ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • e<br>• j<br>• l | B3.2. Representación no plano. | B3.2. Empregar distintas habilidades e destrezas de pensamento lóxico matemático para comprender a realidade, interpretala e expresala. | B3.2.1. Describe representacións espaciais, tales como esbozos, rueiros e planos sinxelos tendo en conta as necesidades e o punto de vista doutras persoas. | • CCL<br>• CMCCT |
| | | | B3.2.2.Representaobxectos,espazose percorridos. | • CMCCT |
| | | | B3.2.3. Interpreta e elabora informacións referidas a situacións e movementos; por exemplo, seguir un percorrido dado e indicar unha dirección. | |
| | | | B3.2.4. Rexistra información cuantificable utilizando recursos sinxelos para resolver problemas. | • CD<br>• CMCCT |
| | | | B3.2.5. Comprende e analiza conceptos e elementos básicos de xeometría plana e volumétrica. | • CMCCT<br>• CAA |
| • j<br>• i<br>• l | B3.3. Conceptos básicos de xeometría. | B3.3. Comprender e utilizar a representación da información para interpretar e expresar aspectos básicos da sociedade, a economía e o mundo do traballo. | B3.3.1. Interpreta representacións gráficas de datos relativos ao contorno inmediato. | • CMCCT<br>• CCEC |
| | | | B3.3.2. Rexistra información cuantificable utilizando recursos sinxelos de representación gráfica. | • CMCCT<br>• CD |
| | | | B3.3.3. Comprende e emprega táboas e gráficos de uso habitual na vida cotiá. | • CMCCT<br>• CSIEE |
| | | | B3.3.4. Entende e manexa mapas e planos. | • CMCCT |
| • e<br>• h | B3.4. Formas planas. Polígonos e círculos. | B3.4. Desenvolver a capacidade de comprender e empregar as diferentes linguaxes artísticas, así como a da súa integración, empregando os elementos e a estrutura da linguaxe matemática. | B3.4.1. Recoñece e representa as figuras planas máis frecuentes e os seus elementos básicos. | |
| | | | B3.4.2.Recoñecemanifestaciónsartísticas inspiradas na xeometría. | • CCEC |
| | | | B3.4.3. Elabora representacións de polígonos. | • CMCCT |

## 2.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO DE MATEMÁTICAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.



**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**

Os contidos da área de Matemáticas oriéntanse de xeito prioritario a garantir o desenvolvemento da competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos. Esta competencia está presente na comprensión dos diferentes tipos de números e as súas operacións, así como na utilización de diversos contextos para a construción de novos coñecementos matemáticos; na facultade de desenvolver razoamentos, construíndo conceptos e avaliando a veracidade das ideas expresadas; na habilidade para identificar os distintos elementos matemáticos que se esconden tras un problema; tamén cando empregamos os medios para comunicar os resultados da actividade matemática ou cando utilizamos os coñecementos e as destrezas propias da área nas situacións que o requiran, tanto para obter conclusións coma para tomar decisións con confianza. É necesario remarcar, non obstante, que a contribución á competencia matemática se logra na medida que a aprendizaxe dos devanditos contidos vai dirixida precisamente á súa utilidade para enfrontarse ás múltiples ocasións nas que nenos e nenas empregan as matemáticas fóra da aula.

O desenvolvemento do pensamento matemático contribúe ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía porque fai posibles unha mellor comprensión e unha descrición máis axustada do contorno. En primeiro lugar, co desenvolvemento da visualización (concepción espacial), melloran a súa capacidade para facer construcións e manipular mentalmente figuras no plano e no espazo, o que lles será de grande utilidade no emprego de mapas,

planificación de rutas, deseño de planos, elaboración de debuxos, etc. En segundo lugar, a través da medida lógrase un mellor coñecemento da realidade e auméntanse as posibilidades de interactuar con ela e de transmitir informacións cada vez máis precisas sobre aspectos cuantificables do seu ámbito.

Por último, a destreza na utilización de representacións gráficas parainterpretar a información achega unha ferramenta moi valiosa para coñecer e analizar mellor a realidade.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión darealidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionarproblemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números,datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situaciónsproblemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situaciónproblemática.

**Competencia dixital**



As Matemáticas contribúen á adquisición da competencia dixital en varios sentidos. Por unha parte porque proporcionan destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas. Por outra parte, a través dos contidos do bloque cuxo nome é precisamente tratamento da información contribúese á utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. A iniciación ao uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos está tamén unida ao desenvolvemento da competencia dixital.

≈ Adestraremos os seguintes descritores:

≈ Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida através de medios tecnolóxicos.

≈ Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

≈ Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais**

As Matemáticas contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas, sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián

**Competencias sociais e cívicas**

Os contidos das Ciencias sociais (economía, climatoloxía, xeografía, poboación, produción, etc.) exprésanse en termos numéricos, gráficos, etc. Por exemplo, a interpretación de pirámides de poboación, de gráficos económicos sobre o valor das cousas e climogramas abórdanse desde a área de Matemáticas para desenvolver aspectos vinculados coa competencia social e cívica.

A achega á competencia social e cívica adquire unha dimensión singular, a través do traballo en equipo se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas.

Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:

- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.



**Competencia en comunicación lingüística**

Os contidos das matemáticas facilitan a comprensión e a expresión en diferentes linguaxes mediante os distintos sistemas de representación. Axudan a superar as dificultades e a resolver os problemas que xorden no acto comunicativo ao empregar as destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos.

**Competencia aprender a aprender**

A través do Ámbito matemático favorecerase un proceso reflexivo da aprendizaxe, ao axudaren a pensar antes de actuar, planificar, analizar o curso e o axuste do proceso, supervisar, consolidar a aplicación de plans axeitados ou modificar os que resultan incorrectos, así como avaliar o resultado e o proceso.

**Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

O ámbito matemátoco ofrece tamén a posibilidade de adquirir as competencias indispensables para desenvolver a capacidade de análise, planificación, organización, xestión e toma de decisións; adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; traballo individual e en equipo; o deseño e desenvolvemento de proxectos persoais, académicos e profesionais de forma creadora e imaxinativa; a participación, a capacidade de liderado e de delegación; o pensamento crítico e o sentido da responsabilidade; a autoconfianza, a avaliación e a autovaloración.

## 2.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

É importante que o equipo de profesionais de cada centro educativo adapte o currículo ás características do contexto de ensinanza e realice os axustes necesarios para garantir o éxito do alumnado nestas aprendizaxes que constitúen a base do currículo das ensinanzas iniciais.

As propostas de traballo, por tanto, deben estar centradas na implicación e participación activa do alumnado en diálogo co coñecemento. Deste xeito, adquirirá as competencias comunicativa e matemática necesarias para realizar as tarefas por iniciativa persoal e con autonomía. Para iso é fundamental que estean contextualizadas na realidade do alumnado e sexan adecuadas ás súas necesidades.

Esta concepción das tarefas, significativas e aplicables á vida das persoas adultas, implica realizar un achegamento multidisciplinar e global ao coñecemento, que debe conter múltiples estratexias de resolución de problemas en relación ás competencias clave da formación permanente. A proposta metodolóxica que máis se achega a este argumento didáctico e mellor responde ás necesidades dos diferentes estilos e niveis de competencia é o traballo por proxectos creativos, singulares e innovadores, especialmente se son emprendedores.



Os proxectos que se propoñan deben conter actividades sinxelas, claras, ordenadas e sistemáticas para facilitar a adquisición das habilidades fundamentais de estudo e traballo individual e cooperativo.

**ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E AGRUPAMENTOS.**

En función do momento e da necesidade, o alumnado traballará:

- Grandes grupos.
- Pequenos grupos.
- Parellas.
- Individualmente.

**ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS.**

A metodoloxía parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1. Fase de **activación**: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.
2. Fase de **dinamización**: é o momento principal da sesión en que se produce a interactuación entre alumno-alumno, alumno-profesor.
3. Fase de **reflexión**: a sesión remata coa procura da vinculación entre o contido traballado e a realidade.

**MATERIAIS E RECURSOS.**

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- ✓ Uso das TIC.
- ✓ Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.

- ✓ Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos.Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc.
- ✓ Pantalla dixital, fichas, libros de lectura, biblioteca, libretas.
- ✓ Caderno de traballo, dicionarios, conexión a internet e revistas.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Proposta de posibles actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar.



## 2.6 TEMPORALIZACIÓN.

O desenvolvemento dos distintos contidos establecidos no currículo para o *ámbito da competencia matemática* levaranse a cabo ao longo do presente curso escolar nos distintos trimestres quedando secuenciados do seguinte modo:

| | |
|---|---|
| **1º TRIMESTRE**<br>11-9-23 / 21-12-23 | *Números e operacions* |
| **2º TRIMESTRE**<br>9-1-24 / 22-3-24 | *A medida.*<br>*Estimación e cálculo de magnitudes* |
| **3º TRIMESTRE**<br>2-4-23 / 21-6-23 | *A medida.*<br>*Estimación e cálculo de magnitudes*<br>*Xeometría* |

## 2.7 AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas quea integran. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

**Avaliación inicial.**

A avaliación inicial será levada a cabo a través dunha proba ademais da observación sistemática por parte do profesorado a nivel individual e grupal.

**Avaliación continua.**

Probas escritas correspondentes as unidades propostas así como o traballo diario na aula. Igualmente tamén a través da observación diaria: valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para valorar hábitos e comportamentos desexables.



**Instrumentos de cualificación e ponderación.**

Estimamos oportuno asumir como válidos as porcentaxes seguintes:

40% traballo na aula

40% asistencia ao centro educativo

20% probas

## 3. ÁMBITO DA CIENCIA, SOCIEDADE, TECNOLOXÍA E DEDESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL

### 3.1 OBXECTIVOS XERAIS.

As ensinanzas básicas iniciais (EBI) contribuirán a desenvolver nos adultos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender  mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

- Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos dapersonalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan naprevención dos accidentes de tráfico.
- Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



## 3.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO SOCIEDADE,TECNOLOXÍA E DEDESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL

≈ Coñecer o relevo de Galicia, os seus climas e hidrografía e localizalos no mapa.

≈ Recoñecer a influencia do ser humano, discriminar as características dun espazo protexido e inferir a necesidade da súa conservación.

≈ Utilizar diferentes fontes de información para a análise de feitos ou fenómenos e expresar e aprender os contidos das Ciencias Sociais.

≈ Desenvolver valores como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no traballo.

≈ Utilizar e ver o traballo en grupo como fonte de crecemento persoal e social fomentando

valores de tolerancia e respecto de ideas e opinións, e resolvendo conflitos por si sós.

- ≈ Ter capacidade de creatividade para afrontar os problemas da vida propoñendo solucións emprendedoras.
- ≈ Discriminar os distintos sectores económicos, as súas características, como se distribúe a poboación neles e as actividades que desenvolven.
- ≈ Discernir a importancia de medios de comunicación, publicidade,
- ≈ comunicacións e transportes e o seu impacto na vida das persoas.
- ≈ Valorar o coñecemento da economía e o valor do diñeiro vinculándoo a procesos persoais de austeridade e aforro.
- ≈ Coñecer o funcionamento e a organización dunha empresa identificando as súas características principais.
- ≈ Analizar a situación política de España a través do coñecemento da evoluciónda s súas políticas e economía desde o século xix ata os nosos días.
- ≈ Interiorizar os dereitos humanos e os valores distintivos da sociedadevalorando e respectando a súa aplicación.

## 3.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE



| ÁMBITO DA CIENCIA, SOCIEDADE, TECNOLOXÍA E DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1: Saúde** | | | |
| • m<br>• o | B1.1 Deporte, descanso e hixiene postural.<br>B1.2 Hixiene.<br>B1.3 Nutrición.<br>B1.4 Sexualidade. | B1.1 Valorar o efecto das accións persoais no contorno e melloralas para favorecer o benestar colectivo e contribuír á mellora do medioambiente. | B1.1.1 Elabora un plan semanal de hábitos saudables (sono, alimentación, hixiene e actividade física) e explica os seus beneficios. | • CCL<br>• CMCCT |
| | | | B1.1.2 Recoñece as condutas que poñen en perigo a saúde e a calidade de vida das persoas e os grupos sociais explicando por que son prexudiciais e cales son os seus efectos. | |
| | | | B1.1.3 Valora positivamente e coida todos os elementos naturais do seu contorno. | • CSC |
| • e<br>• o | B1.5 Consultas, revisións médicas e vacinación.<br>B1.6 Prevención de drogodependencias.<br>B1.7 Primeiros auxilios. | B1.2 Actuar con autonomía, iniciativa persoal e responsabilidade para coidar a saúde. | B1.2.1 Emprega adecuadamente os seus coñecementos de primeiros auxilios. | • CMCCT |
| | | | B1.2.2 Adquire hábitos saudables básicos, coñece as principais formas de prevención de enfermidades e accidentes e usa correctamente os recursos sanitarios dispoñibles. | |
| | | | B1.2.3 Identifica fontes potenciais de perigo e propón medidas para diminuílo ou evitalo. | • CMCCT<br>• CSIEE |
| **Bloque 2: Ecosistemas e seres vivos** | | | | |
| • e<br>• f<br>• k | B2.1 Ecosistemas.<br>B2.2 Clasificación dos seres vivos. | B2.1 Asociar eventos naturais e sociais coas súas causas e consecuencias. | B2.1.1 Coñece, describe e investiga acerca de diferentes ecosistemas. | • CCL<br>• CMCCT |
| | | | B2.1.2 Relaciona os tipos de agricultura, | • CMCCT |

| ÁMBITO DA CIENCIA, SOCIEDADE, TECNOLOXÍA E DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • l | B2.3 Agricultura e xardinaría.<br>B2.4 Gandaría, piscicultura e animais de compañía. | | gandaría e piscicultura de Galicia e das diferentes comunidades de España atendendo ás características de cada unha delas. | |
| | | B2.2 Actuar con autonomía, iniciativa persoal e responsabilidade para protexer o medio ambiente. | B2.2.1 Respecta e coida os ecosistemas e interacciona de maneira responsable co contorno. | • CMCCT<br>• CSC |
| | | | B2.2.2 Clasifica e recicla adecuadamente os diferentes tipos de refugallos. | • CMCCT |
| | | | B2.2.3 Identifica produtos susceptibles de ser reciclados. | • CMCCT<br>• CSC |
| | | | B2.2.4 Coñece e explica as consecuencias da sobreexplotación dos recursos naturais. | • CCL<br>• CMCCT |
| | | | B2.2.5 Comprende e é quen de explicar os beneficios da reciclaxe e a importancia dun desenvolvemento sostible. | • CMCCT |
| **Bloque 3: O noso Universo** | | | | |
| e<br>l | B3.1 Sistema solar. Estrelas. Planetas. Satélites.<br>B3.2 A Terra. Características.<br>B3.4 Movementos da Terra e as súas consecuencias.<br>B3.5 A Lúa: as fases lunares. Os eclipses. | B3.1 Recoñecer e localizar os elementos principais do sistema solar, recoñecendo as súas características principais. | B3.1.1 Coñece, representa e explica a organización do sistema solar. | • CCL<br>• CMCCT |
| | | | B3.1.2 Interpreta adecuadamente distintas representacións do sistema solar. | • CMCCT |
| | | | B3.1.3 Comprende e expresa a importancia dos corpos celestes do universo, os seus movementos relativos e os seus efectos. | • CCL |
| **Bloque 4: Xeografía física, humana, política e económica** | | | | |
| e | B4.1 Xeografía de Galicia. | B4.1 Comprender a xeografía física e humana, a organización social, | B4.1.1 Expresa verbalmente os seus coñecementos sobre xeografía física e | • CCL |

| ÁMBITO DA CIENCIA, SOCIEDADE, TECNOLOXÍA E DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | concello, comunidade, país, etc. | |
| | | | B4.3.5 Valora a importancia de coidar o ambiente e deduce as consecuencias de non facelo. | • CSC |
| | | | B4.3.6 Exerce un consumo responsable valorando os beneficios que aporta á sociedade. | |
| | | | B4.3.7 Comprende os riscos viarios e asume as consecuencias legais e sociais do seu incumprimento. | |
| **Bloque 5 : Perspectiva histórica** | | | | |
| • c<br>• d<br>• m | B5.1 Tempo histórico. Liña cronolóxica.<br>B5.2 Etapas históricas.<br>B5.3 Fitos históricos da humanidade. | B5.1 Apreciar a diversidade cultural e o diálogo entre culturas e sociedades cun espírito aberto e solidario, considerándoas fontes enriquecedoras para a nosa sociedade. | B5.1.1 Valora os restos arqueolóxicos como fonte de información para coñecer formas de vida de diferentes épocas históricas. | • CMCCT<br>• CCEC |
| | | | B5.1.2 Describe as diferenzas de dereitos e deberes segundo o tipo de sociedade e cultura. | • CSC<br>• CCEC |
| | | | B5.1.3 Identifica e describe formas de goberno en diversas culturas. | • CCL<br>• CSC |
| | | | B5.1.4 Manifesta interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico. | • CCEC |
| | | | B5.1.5 Coñece as distintas etapas da historia, identificando exemplos de feitos relevantes en cada unha delas. | • CSC |

| Bloque 6: Tecnoloxía | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • e<br>• f<br>• i<br>• l | B6.1Compoñentesdun ordenador.<br>B6.2 Programas informáticos.<br>B6.3 Telefonía móbil. | B6.1 Utilizar os dispositivos electrónicos máis comúns para procurar información e poder resolver problemas básicos da vida cotiá, con actitude crítica para avaliar a fiabilidade das fontes. | B6.1.1 Utiliza os dispositivos e programas informáticos adecuados para elaborar e gardar documentos, así como para realizar procuras sinxelas na Internet. | • CD<br>• CAA |
| | | | B6.1.2 Manexa con soltura as principais funcións dun teléfono móbil para tarefas rutineiras elementais. | • CD |
| | | | B6.1.3 Emprega software sinxelo para adquirir coñecementos sobre ciencias naturais e sociais. | • CMCCT<br>• CAA |
| | | | B6.1.4 Comparte contido dixital a través de dispositivos electrónicos. | • CD<br>• CSIEE |
| | | | B6.1.5 Axuíza a fiabilidade e seguridade das diferentes fontes de información. | • CD |
| **Bloque 7: Intelixencia emocional** | | | | |
| b<br>n | B7.1 Autocoñecemento. Aceptación da imaxe persoal.<br>B7.2 Análise de valores persoais.<br>B7.3 Autocontrol. Expresión emocional e argumentación de ideas.<br>B7.4 Definición de metas. Satisfacción persoal.<br>B7.5 Comunicación non verbal e paralinguaxe. | B7.1 Empregar a lingua para mellorar o coñecemento dun mesmo a través do diálogo interno e a metacognición, así como para interaccionar socialmente e coñecer o funcionamento da sociedade. | B7.1.1 Recoñece sentimentos propios e alleos, identificando as diferentes emocións básicas. | • CSC |
| | | | B7.1.2 Expón de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. | • CCL<br>• CSC |
| | | | B7.1.3 Emprega a linguaxe interna para autocontrolarse e regular a súa conduta de acordo ás normas sociais establecidas. | • CSC |
| | | | B7.1.4 Describe oralmente diferentes persoas, subliñando as súas características positivas, sen caer no uso de prexuízos e estereotipos. | • CCL<br>• CSC |
| | | | B7.1.5 Respecta as quendas de palabra, | • CSC |

| ÁMBITO DA CIENCIA, SOCIEDADE, TECNOLOXÍA E DE DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL NIVEL I | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | B7.6 Escoita activa.<br>B7.7 Habilidades para o diálogo. | | escoita e valora as achegas dos demais nas conversas. | |
| | | | B7.1.6 Identifica e describe as súas características e destrezas persoais en relación cun proxecto profesional. | • CSIEE |
| | | | B7.1.7 Comprende, interpreta e expresa información sobre a participación social, calidade de vida e iniciativa persoal e laboral. | • CCL<br>• CSIEE |
| • a<br>• e | B7.8 Valoración da diversidade humana. | B7.2 Valorar as propias capacidades positivamente, identificar fortalezas e aspectos susceptibles de mellora, proporse metas realistas que faciliten a automotivación, valorar a formación como fonte de entretemento e desenvolvemento persoal e xestionar os propios tempos para adecuar os obxectivos diarios ás metas persoais. | B7.2.1 Verbaliza a autovaloración, expresando puntos fortes e aspectos a mellorar. | • CCL<br>• CSC |
| | | | B7.2.2 Deseña e expón plans persoais a curto e longo prazo. | • CSIEE |
| | | | B7.2.3 Identifica intereses e necesidades persoais e selecciona actividades que lle permitan satisfacelos no seu tempo de lecer. | • CCEC |
| | | | B7.2.4 Busca actividades alternativas á educación regrada que permitan mellorar a súa formación. | • CAA |
| **Bloque 8: Iniciativa persoal** | | | | |
| a<br>e<br>f<br>p | B8.1 Desafíos persoais e emprendemento.<br>B8.2 Proxecto profesional.<br>B8.3 Busca de emprego. Oficinas e servizos de información. | B8.1 Valorar a imaxe persoal de maneira axustada e tolerante, desenvolver habilidades de busca de emprego, coñecer os dereitos laborais básicos, estimar ofertas de emprego e identificar calidades e comportamentos que axudan a manter un emprego de calidade. | B8.1.1 Realiza descricións orais axustadas de si mesmo. | • CCL |
| | | | B8.1.2 Analiza ofertas de traballo detectando aspectos importantes. | • CCL<br>• CD |
| | | | B8.1.3 Avalía con criterio propio seccións de diferentes programas políticos, analizando os pros e os contras. | • CAA<br>• CCEC |

## 3.4 CONTRIBUCIÓN DESTE ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS.

*Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía*

- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situaciónsproblemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números,datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.



*Comunicación lingüística*

- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas egramaticais para elaborar textos escritos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e lertextos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo deinformación.

*Competencia dixital*

- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida através de medios tecnolóxicos.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

*Conciencia e expresións culturais*

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

*Competencias sociais e cívicas*

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contextoda escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

***Sentido da iniciativa e espírito emprendedor***

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Atopar posibilidades no medio que outros non aprecian.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.



***Aprender a aprender***

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa doscontidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 3.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

É importante que o equipo de profesionais de cada centro educativo adapte o currículo ás características do contexto de ensinanza e realice os axustes necesarios para garantir o éxito do alumnado nestas aprendizaxes que constitúen a base do currículo das ensinanzas iniciais.

As propostas de traballo, por tanto, deben estar centradas na implicación e participación activa do alumnado en diálogo co coñecemento. Deste xeito, adquirirá as competencias comunicativa e matemática necesarias para realizar

as tarefas por iniciativa persoal e con autonomía. Para iso é fundamental que

estean contextualizadas na realidade do alumnado e sexan adecuadas ás súas necesidades.

Esta concepción das tarefas, significativas e aplicables á vida das persoas adultas, implica realizar un achegamento multidisciplinar e global ao coñecemento, que debe conter múltiples estratexias de resolución de problemas en relación ás competencias clave da formación permanente. A proposta metodolóxica que máis se achega a este argumento didáctico e mellor responde ás necesidades dos diferentes estilos e niveis de competencia é o traballo por proxectos creativos, singulares e innovadores, especialmente se son emprendedores.

Os proxectos que se propoñan deben conter actividades sinxelas, claras, ordenadas e sistemáticas para facilitar a adquisición das habilidades fundamentais de estudo e traballo individual e cooperativo.

**ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E AGRUPAMENTOS.**

En función do momento e da necesidade, o alumnado traballará:

- Grandes grupos.
- Pequenos grupos.
- Parellas.
- Individualmente.

**ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS.**



A metodoloxía parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1 Fase de **activación**: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.
2 Fase de **dinamización**: é o momento principal da sesión en que se produce a interactuación entre alumno-alumno, alumno-profesor.
3 Fase de **reflexión**: a sesión remata coa procura da vinculación entre o contido traballado e a realidade.

**MATERIAIS E RECURSOS.**

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Uso das TIC.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos.
- Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc.
- Pantalla dixital, fichas, libros de lectura, biblioteca, libretas.
- Caderno de traballo, dicionarios, conexión a internet e revistas.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Proposta de posibles actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar.

## 3.6 TEMPORALIZACIÓN.

O desenvolvemento dos distintos contidos establecidos no currículo para o ámbito *da ciencia, sociedade, tecnoloxía e de desenvolvemento e iniciativa persoal* levaranse a cabo ao longo do presente curso escolar nos distintos trimestres quedando secuenciados do seguinte modo:

| | |
|---|---|
| **1º TRIMESTRE**<br>11-9-23 / 21-12-23 | *Bloque 1 - Saúde*<br>*Bloque 2 – Ecosistemas e seres vivos*<br>*Bloque 3- O noso universo* |
| **2º TRIMESTRE**<br>9-1-24 / 22-3-24 | *Bloque 4- Xeografía física,humana, política e económica*<br>*Bloque 5- Perspectiva histórica*<br>*Bloque 6- Tecnoloxía* |
| **3º TRIMESTRE**<br>2-4-23 / 21-6-23 | *Bloque 7- Intelixencia emocional*<br>*Bloque 8- Iniciativa persoal* |



## 3.7 AVALIACIÓN.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa

será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas quea integran. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

**Avaliación inicial**.

A avaliación inicial será levada a cabo a través dunha proba ademais da observación sistemática por parte do profesorado a nivel individual e grupal.

**Avaliación continua.**

Probas escritas correspondentes as unidades propostas así como o traballo diario na aula. Igualmente tamén a través da observación diaria: valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para valorar hábitos e comportamentos desexables.

**Instrumentos de cualificación e ponderación.**

Estimamos oportuno asumir como válidos as porcentaxes seguintes:

40% traballo na aula.

40% asistencia ao centro educativo.

20% probas.

# PROGRAMACIÓN EBI-II



## 1 ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

### 1.1 OBXECTIVOS XERAIS.

As ensinanzas básicas iniciais (EBI) contribuirán a desenvolver nos adultos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega.
- Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
| | | | B2.1.3.Utiliza os recursos tecnolóxicos dispoñibles para resolver problemas de aprendizaxe e da vida cotiá. | • CMCCT<br>• CD |
| | **Bloque 3. Xeometría** | | | |
| • e<br>• j<br>• l | B3.1.Corpos de revolución: cono, cilindro e esfera.<br>B3.2.Regularidades e simetrías. | B3.1. Coñecer as características dos corpos xeométricos e aplicalas para clasificar corpos de revolución (cono, cilindro e esfera) e os seus elementos básicos. | B3.1.1. Emprega o razoamento matemático para clasificar figuras xeométricas de acordo con criterios libremente elixidos ou preestablecer | • CMCCT<br>• CSIEE |
| | | B3.2.Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría para describir e comprender situacións da vida cotiá. | B3.2.1.Describe obras de arte que contén elementos xeométricos. | • CCL<br>• CMCCT<br>• CSC |
| | | | B3.2.2.Realiza simetrías, translacións e rotacións. | • CMCCT<br>• CAA |
| | **Bloque 4. Tratamento da información, azar e probabilidade** | | | |

| ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA. NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • e<br>• j<br>• l | B4.1.Táboas de frecuencias absolutas e relativas.<br>B4.2. Análise crítica de gráficos. | B4.1.Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos. | B4.1.1.Le, interpreta e realiza representacións gráficas sinxelas a partir dunha serie de datos relacionados con situacións da vida diaria. | • CMCCT<br>• CSIEE |
| | | | B4.1.2.Comprende e usa termos básicos de estatística a partir da análise de mostras de datos sinxelos e habituais no seu ámbito. | |

## 2.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.



***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

Os contidos da área de Matemáticas oriéntanse de xeito prioritario a garantir o desenvolvemento da competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos. Esta competencia está presente na comprensión dos diferentes tipos de números e as súas operacións, así como na utilización de diversos contextos para a construción de novos coñecementos matemáticos; na facultade de desenvolver razoamentos, construíndo conceptos e avaliando a veracidade das ideas expresadas; na habilidade para identificar os distintos elementos matemáticos que se esconden tras un problema; tamén cando empregamos os medios para comunicar os resultados da actividadematemática ou cando utilizamos os coñecementos e as destrezas propias daárea nas situacións que o requiran, tanto para obter conclusións coma paratomar decisións con confianza. É necesario remarcar, non obstante, que acontribución á competencia matemática se logra na medida que a aprendizaxedos devanditos contidos vai dirixida precisamente á súa utilidade paraenfrontarse ás múltiples ocasións nas que nenos e nenas empregan asmatemáticas fóra da aula.

O desenvolvemento do pensamento matemático contribúe ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía porque fai posible unha mellor comprensión e unha descrición máis axustada do contorno. En primeiro lugar, co desenvolvemento da visualización (concepción espacial), melloran a súa capacidade para facer construcións e manipular mentalmente figuras no plano e no espazo, o que lles será de utilidade no emprego de mapas, planificación de rutas, deseño de planos, elaboración de debuxos, etc. En segundo lugar, a través da medida lógrase un mellor coñecemento da realidade e auméntanse as posibilidades de interactuar con ela e de transmitir informacións cada vez máis precisas sobre aspectos cuantificables do seu ámbito.

Por último, a destreza na utilización de representacións gráficas parainterpretar a información achega unha ferramenta moi valiosa para coñecer e analizar mellor a realidade.

Os descritores que traballaremos fundamentalmente serán:

- Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida cotiá.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión darealidade circundante.
- Manexar os coñecementos sobre ciencia e tecnoloxía para solucionarproblemas e comprender o que acontece a noso arredor.
- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números,datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situaciónsproblemáticas en

contextos reais e en calquera materia.

• Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.

• Aplicar as estratexias de resolución de problemas a calquera situaciónproblemática.

***Competencia dixital***

As Matemáticas contribúen á adquisición da competencia dixital en varios sentidos. Por unha parte porque proporcionan destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas. Por outra parte, a través dos contidos do bloque cuxo nome é precisamente tratamento da información contribúese á utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. A iniciación ao uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos está tamén unida ao desenvolvemento da competencia dixital. Adestraremos os seguintes descritores:

- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida através de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

***Conciencia e expresións culturais***

As Matemáticas contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas, sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

• Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

• Apreciar a beleza das expresións artísticas e no cotián

***Competencias sociais e cívicas***

Os contidos das Ciencias sociais (economía, climatoloxía, xeografía, poboación, produción...) exprésanse en termos numéricos, gráficos, etc. Por exemplo, a interpretación de pirámides de poboación, de gráficos económicos e climogramas abórdanse dende a área de Matemáticas para desenvolver aspectos vinculados coa competencia social e cívica. A achega á competencia social e cívica adquire unha dimensión singular, a través do traballo en equipo se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular á hora de utilizar estratexias de resolución de problemas. Os descritores que adestraremos son:

- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito

referendado por unha norma suprema chamada Constitución Española.

- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.

## 2.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.



É importante que o equipo de profesionais de cada centro educativo adapte o currículo ás características do contexto de ensinanza e realice os axustes necesarios para garantir o éxito do alumnado nestas aprendizaxes que constitúen a base do currículo das ensinanzas iniciais. As propostas de traballo, por tanto, deben estar centradas na implicación e participación activa do alumnado en diálogo co coñecemento. Deste xeito, adquirirá as competencias comunicativa e matemática necesarias para realizar as tarefas por iniciativa persoal e con autonomía. Para iso é fundamental que estean contextualizadas na realidade do alumnado e sexan adecuadas ás súas necesidades.

Esta concepción das tarefas, significativas e aplicables á vida das persoas adultas, implica realizar un achegamento multidisciplinar e global ao coñecemento, que debe conter múltiples estratexias de resolución de problemas en relación ás competencias clave da formación permanente. A proposta metodolóxica que máis se achega a este argumento didáctico e mellor responde ás necesidades dos diferentes estilos e niveis de competencia é o traballo por proxectos creativos, singulares e innovadores, especialmente se son emprendedores.

Os proxectos que se propoñan deben conter actividades sinxelas, claras, ordenadas e sistemáticas para facilitar a adquisición das habilidades fundamentais de estudo e traballo individual e cooperativo.

### ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E AGRUPAMENTOS.

En función do momento e da necesidade, o alumnado traballará:

a Grandes grupos.

b Pequenos grupos.

c Parellas.

d Individualmente.

### ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS.

A metodoloxía parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1 Fase de **activación**: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de

distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.

2 Fase de **dinamización**: é o momento principal da sesión en que se produce a interactuación entre alumno-alumno, alumno-profesor.

3 Fase de **reflexión**: a sesión remata coa procura da vinculación entre o contido traballado e a realidade.



**ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO**

En todas os ámbitos curriculares trataranse os seguintes elementos transversais:

**A comprensión lectora.**

- Analizar os enunciados dos problemas para impulsar a comprensión.

**As Tecnoloxías da Información e a Comunicación.**

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá. A incorporación da informática ten como seu obxectivo conquerir o maior proveito posible das potencialidades deste medio; utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información.

**O emprendemento.**

As habilidades empreendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análise, capacidade de síntese, visión emprendedora.
- Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.
- Habilidades sociais: traballos grupais, comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa.

**MATERIAIS E RECURSOS.**

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Uso das TIC.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeossinxelos.
- Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc.
- Pizarra dixital, fichas.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Proposta de posibles actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar.

## 2.5 TEMPORALIZACIÓN.

O desenvolvemento dos distintos contidos estabelecidos no currículo para o *ámbito da competencia matemática* levaranse a cabo ao longo do presente curso escolar nos distintos trimestres quedando secuenciados do seguinte modo:



| ÁMBITO DA COMPETENCIA MATEMÁTICA. NIVEL II | | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **MODULO I A TERRA** | *Bloque 1- Números e operacións*<br>*Bloque 2 – A medida. Estimación e cálculo de magnitudes.*<br>*Bloque 3 - Xeometría*<br>*Bloque 4 – Tratamento da información, azar e probabilidade* |
| **2º TRIMESTRE** | **MODULO II O TRABALLO** | *Bloque 1- Números e operacións*<br>*Bloque 2 – A medida. Estimación e cálculo de magnitudes.*<br>*Bloque 3- Xeometría*<br>*Bloque 4 – Tratamento da información, azar e probabilidade.* |
| **3º TRIMESTRE** | **MODULO III A VIDA EN COMUNIDADE** | *Bloque 1- Números e operacións*<br>*Bloque 2 – A medida. Estimación e cálculo de magnitudes.*<br>*Bloque 3- Xeometría*<br>*Bloque 4 – Tratamento dainformación, azar e probabilidade* |

## 2.7 AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A avaliación será **continua** xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de

aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas quea integran.Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.



**Avaliación inicial**

A avaliación inicial será levada a cabo a través dunha proba ademais da observación sistemática por parte do profesorado a nivel individual e grupal.

**Avaliación continua**

Probas escritas correspondentes as unidades propostas así como o traballo diario na aula. Igualmente tamén a través da observación diaria: valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para valorar hábitos e comportamentos desexables.

**Instrumentos de cualificación e ponderación**

Estimamos oportuno asumir como válidos as porcentaxes seguintes:

40% traballo na aula

40% asistencia ao centro educativo

20% proba

## 3. ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL

### 3.1 OBXECTIVOS XERAIS.

A Educación de adultos contribuirá a desenvolver as capacidades que lles permitan:

a Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.

c Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiare doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as

persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade.

e Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.



g Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resoluciónde problemas que requiran a realización de operacións elementais.de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h Coñecer os aspectos fundamentais das Ciencias da Natureza, as Ciencias Sociais, a Xeografía, a Historia e a Cultura, con especial atención a aqueles relacionados e vinculados con Galicia.

i Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das Tecnoloxías da Información e da Comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse naconstrución de propostas visuais e audiovisuais.

k Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.

n Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas esociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galegas.

## 3.2 OBXECTIVOS DO ÁMBITO

1 Coñecer o relevo de Galicia, os seus climas e hidrografía e localizalos no mapa.

2 Recoñecer a influencia do ser humano, discriminar as características dun espazo protexido e inferir a necesidade da súa conservación.

3 Utilizar diferentes fontes de información para a análise de feitos ou fenómenos e expresar e aprender os contidos das Ciencias Sociais.

4 Desenvolver valores como a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no traballo.

5 Utilizar e ver o traballo en grupo como fonte de crecemento persoal e social fomentando valores de tolerancia e respecto de ideas e opinións, e resolvendo conflitos por si sós.

6 Ter capacidade de creatividade para afrontar os problemas da vida propoñendo solucións emprendedoras.

7 Discriminar os distintos sectores económicos, as súas características, como se distribúe a poboación neles e as actividades que desenvolven. 

8 Discernir a importancia de medios de comunicación, publicidade, comunicacións e transportes e o seu impacto na vida das persoas.

9 Valorar o coñecemento da economía e o valor do diñeiro vinculándoo a procesos persoais de austeridade e aforro.

10 O funcionamento e a organización dunha empresa identificando as súas características principais.

11 Analizar a situación política de España a través do coñecemento da evolución das súas políticas e economía desde o século xix ata os nosos días.

13 Interiorizar os dereitos humanos e os valores distintivos da sociedade valorando e respectando a súa aplicación.

## 3.3 CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| MÓDULO I: A TERRA | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **BLOQUE 1. O noso Universo** | | | |
| • e<br>• i<br>• l | B1.1. O Universo: orixe, estrutura e compoñentes básicos.<br>B1.2.Os movementos dos corpos celestes e os seus efectos.<br>B1.3. A Terra, un planeta do sistema solar. | B1.1. Manexar e expresar información concreta e relevantede feitos e fenómenos sociais e históricos, dende unha perspectiva crítica e construtiva, a través exposicións orais, diálogos e debates. | B1.1.1.Utiliza o vocabulario e as estruturas lingüísticas adecuadas para expresar os contidos propios das ciencias naturais e sociais | • CSC<br>• CCL |
| | | | B1.1.2.Interpreta e expresa contidos específicos de ciencias naturais e sociais mediante diferentes linguaxes e sistemas de representación. | • CSC<br>• CCL<br>• CAA |
| | | | B1.1.3.Comprende a importancia dos movementos dos corpos celestes e sabe explicar os seus efectos. | • CSC<br>• CCL |
| | | | B1.1.4. Le e comprende textos científicos seleccionados e noticias de actualidade. | • CSC<br>• CCL |
| | **Bloque 2: Xeografía física** | | | |
| • m<br>• l | B2.1.Cartografía e escalas.<br>B2.2.Localización en ra. Paralelos e meridianos. Latitude e lonxitude.<br>B2.3. O tempo atmosférico. Mapa do tempo.<br>B2.4.El clima. Factores. Tipos. Zonas.<br>B2.5.Las alteracións climáticas. Concepto e accións responsables.<br>B2.6.Elementos que configura a paisaxe natural. A paisaxe natural de Galicia. | B2.1.Interpretar e elaborar representacións propias das ciencias naturais e sociais empregando números, medidas, conceptos básicos de espazo e forma, así como estratexias de razoamento lóxico matemático, que permitan reflexionar e analizar feitos naturais, | B2.1.1.Obtén información concreta sobre feitos e fenómenos relacionados co módulo consultando imaxes, gráficas, símbolos e mapas. | • CSC<br>• CD |
| | | | B2.1.2.Realiza representacións xeográficas sinxelas. | • CSC<br>• CMCCT |
| | | | B2.1.3.Manexa e compara variables demográficas e medidas espaciais. | • CSC<br>• CMCCT<br>• CSIEE |

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| MÓDULO I: A TERRA | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | sociais e históricos. | B2.1.4.Interpreta e representa mediante gráficos información relacionada coas ciencias sociais. | • CSC<br>• CMCCT<br>• CSIEE |
| | | | B2.1.5.Recoñece as diferentes paisaxes do seu contorno e de Galicia, comprendendo que son produto das relacións entre axentes físicos e biolóxicos, e destacando a especial relevancia da acción sobre eles dos grupos humanos. | • CSC |
| | **Bloque 3: Xeografía humana, política e económica** | | | |
| • c<br>• l<br>• n | B3.1.Poboación europea e española. Taxa de natalidade e esperanza de vida. Distribución e evolución.<br>B3.2.Desigualdade demográfica no mundo. Movementos migratorios.<br>B3.3.Dereitos e deberes da cidadanía europea.<br>B3.4.Economía europea e española. | B3.1.Interpretar e elaborar representacións propias das ciencias sociais e naturais empregando números, medidas, conceptos básicos de espazo e forma, así como estratexias de razoamento lóxico matemático, que permitan reflexionar e | B3.1.1.Manexa e compara variables demográficas e medidas espaciais. | • CSC<br>• CMCCT |
| | | | B3.1.2.Interpreta e representa mediante gráficos información relacionada coas ciencias sociais. | • CSC<br>• CMCCT |
| | | | B3.1.3.Analiza de xeito indutivo e dedutivo modelos económicos baseándose en feitos históricos. | • CSC<br>• CSIEE |

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO I: A TERRA** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | analizar feitos naturais, sociais e históricos. | B3.1.4.Imaxina a historia a partir da observación da situación actual. | • CSC<br>• CCEC |
| | | | B3.1.5.Razoadexeitolóxicoe sistemático relacións entre territorios. | • CSC<br>• CCL |
| | | | B2.1.6.Sinala a correlación entre vida económica e política. | |
| | **Bloque 4: Materia inerte** | | | |
| • k<br>• m | B4.1.Contaminación e efectos nos ecosistemas. Actividades humanas que inflúen negativamente no medio: contaminación do aire, auga e chan | B4.1. Analizar e interpretar de xeito crítico información e acontecementos relacionados coa natureza, valorando que esta é un ben da humanidade. | B4.1.1.Valora a importancia de manter o equilibrio dos ecosistemas. | • CSC<br>• CCEC |
| | | | B4.1.2.Relaciona diferentes estilos de consumo e a contaminación que xeran coas súas consecuencias ambientais a curto e longo prazo. | • CSC<br>• CSIEE |
| | | | B4.1.3.Coñece as fontes de enerxía dispoñibles no planeta e os usos habituais de cada unha delas e comprende o impacto económico e ambiental que ten unha actividade humana irresponsable. | • CSC |

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO II: O TRABALLO** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1. Tecnoloxía** | | | |
| • e<br>• i<br>• l | B1.1.Circuítos eléctricos. Materiais condutores e illantes | B1.1. Empregar estratexias para solucionar problemas cotiáns básicos, seguindo un procedemento sistemático baseado no método científico. | B1.1.1.Aplica técnicas de estudo e traballo para procesar información e coñecer mellor o mundo natural e social. | • CSC |
| | | | B1.1.2.Expresa e representa os experimentos realizados | • CSC<br>• CCL |
| | B1.2.Pancas, poleas, rodas e engrenaxes. Funcionamento, tipos e usos. | B1.2.Usar a tecnoloxía con responsabilidade para maximizar os beneficios e minimizar as desvantaxes da súa utilización. | B1.2.1.Propón mecanismos de pancas, poleas ou engrenaxes e describe os problemas que solucionan. | • CSC<br>• CSIEE |
| | B1.3.Máquinas e aparatos. Tipos e funcionamento dos principais inventos tecnolóxicos | B1.3. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos | B1.3.1.Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. | • CMCCT<br>• CCL<br>• CSC |
| | **Bloque 2: Materia inerte** | | | |
| • e<br>• i<br>• l | B2.1.Forzas e obxectos. Formas de deformación e movemento.<br>B2.2.Formas de enerxía.<br>B2.3.Fontes de enerxías renovables e non renovables. | B2.1.Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético | B2.1.1.Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, chuvia ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento | • CMCCT<br>• CCL<br>. |

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO II: O TRABALLO** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | B2.4.Electricidad e magnetismo. | e sostible.<br>B2.2. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación. | sostible.<br>B2.2.1.Sabe que toda a materia contén cargas eléctricas que poden ser positivas ou negativas.<br>B2.2.2.Sabe que é o magnetismo e coñece algunhas das súas utilidades.<br>B2.2.3.Sabe que é corrente eléctrica e comprende a diferenza entre materiais condutores e materiais illantes.<br>B2.2.4.Sabe que é un circuíto eléctrico e coñece os seus principais compoñentes. | • CMCCT<br>• CAA<br>• CSIEE |
| | **Bloque 3: Ecosistemas e seres vivos** | | | |
| • e<br>• i<br>• l | B3.1.Estrutura dos seres vivos.<br>B3.2. A célula. Tecidos, órganos e aparatos.<br>B3.3.Organismo unicelulares e pluricelulares. Virus.<br>B3.4.Ecosistemas: biótopo e biocenose.<br>B3.5.Interaccións entre os elementos dun ecosistema. | B3.1.Integrar os coñecementos adquiridos en diferentes contextos e con diferentes niveis de detalle para comprender tanto a estrutura global coma aspectos particulares do mundo natural e social. | B3.1.1.Elabora esquemas sobre os seres vivos, a estrutura dos ecosistemas e o funcionamento do corpo humano.<br>B3.1.2.Expón razoadamente a relación entre unha biocenose e o seu biótopo nun ecosistema | • CSC<br>• CCL |
| | | | B3.1.3.Diferencia organismos unicelulares de pluricelulares e expresa as claves do seu funcionamento. | • CSC |

| | Bloque 4: Funcionamento do corpo humano. | | | |
|---|---|---|---|---|
| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL NIVEL II | | | | |
| MÓDULO II: O TRABALLO | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • e<br>• i<br>• o | B4.1.Función de nutrición. Os aparatos dixestivo,respiratorio,circulatorioe excretor. | B4.1.Utilizar a linguaxe formal adecuada para describir, en termos básicos precisos o funcionamento do corpo humano. | B4.1.1. Comprende textos académicos e manuais técnicos. | • CSC<br>• CCL |
| | | | B4.1.2. Coñece a importancia da nutrición e sabe que procesos e aparellos interveñen nela. | • CSC |
| | | | B4.1.3. Comprende e explica como se leva a cabo o proceso dixestivo: a dixestión, a absorción dos nutrientes e a eliminación das substancias de refugallo. | • CSC<br>• CCL |
| | B4.2.Función de relación. Os órganos dos sentidos, sistema nervioso e endócrino. Aparello locomotor. | B4.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc. | B4.2.1. Identifica e describe os principais característicos dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións. | • CMCCT<br>• CCL |

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1: Perspectiva histórica** | | | |
| • d<br>• i<br>• m | B1.1.A perspectiva histórica: a historia persoal e familiar.<br>B1.2. As pegadas do pasado no contorno próximo.<br>B1.3.Os grandes avances nas etapas da historia.<br>B1.4.Feitos históricos relevantes.<br>B1.5. A repercusión da historia na situación actual.<br>B1.6. Os medios de comunicación de masas. | B1.1. Comprender, respectar e gozar de diferentes manifestacións culturais e artísticas consideradas como patrimonio dos pobos a escala local, nacional e internacional. | B1.1.1. Recoñece elementos representativos da cultura de España e de Europa. | • CSC |
| | | | B1.1.2.Comprende os movementos artísticos no seu contexto histórico. | • CCEC |
| | | | B1.1.3.Cita representantes da cultura española recoñecidos de xeito internacional. | • CSC |
| | | | B1.1.4.Valora de xeito crítico e construtivo as formas de expresión cultural e artística españolas e europeas. | • CAA |
| | | | B1.1.5.Expón verbalmente causas e efectos de feitos históricos. | |
| | | | B1.1.6.Imaxina a historia a partir da observación da situación actual. | • CLL |
| | **Bloque 2: Xeografía humana, política e económica** | | | |

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| • e<br>• i | B2.1.Constitución Española de 1978 e o Estatuto de Autonomía de Galicia como normas fundamentais da convivencia.<br>B2.2.Órganos de goberno e organización territorial de España<br>B2.3.Galicia como comunidade autónoma. Os seus símbolos.<br>B2.4. A Unión Europea. Principais organismos internacionais. | B2.1.Manexar e expresar información concreta e relevante de feitos e fenómenos sociais e históricos, dende unha perspectiva crítica e construtiva, a través de exposicións orais, diálogos e debates. | B2.1.1.Coñece a xestión de servizos nos niveis de administración autonómica, provincial e local. | • CSC |
| | | B2.2.Valorar a importancia da participación na actividade social e cívica nun contexto local, nacional e europeo. | B2.2.2.Participa activamente en debates de actualidade de xeito calmado, respectuoso e argumentado sobre a base do seu propio xuízo crítico | • CSC<br>• CCL |
| | **Bloque 3: Tecnoloxía** | | | |
| • e<br>• f<br>• i<br>• l | B3.1.A ciencia e as súas repercusións na sociedade. Presente e futuro. | B3.1. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos | B3.1.1.Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade. | • CMCCT<br>• CCL<br>• CSC |
| | | | B3.1.2.Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no ocio, nas artes, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxíasda | • CMCCT<br>• CCL<br>• CSC<br>• CCEC |

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXÍA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | información e a comunicación | |
| | | | B3.1.3.Expón publicamente o impacto dos avances tecnolóxicos na mellora da sociedade e no futuro do mundo. | • CMCCT<br>• CCL |
| | | | B3.1.4. Coñece os avances que permitiron a investigación científica na nosa sociedade e os efectos que tiveron nela. | • CMCCT<br>• CSC |

## 3.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.



***Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía***

- Manexar a linguaxe matemática con precisión en calquera contexto.
- Aplicar os coñecementos matemáticos para a resolución de situaciónsproblemáticas en contextos reais e en calquera materia.
- Realizar argumentacións en calquera contexto con esquemas lóxico-matemáticos.
- Identificar e manipular con precisión elementos matemáticos (números,datos, elementos xeométricos...) en situacións cotiás.

***Comunicación lingüística***

- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, normas ortográficas egramaticais para elaborar textos escritos.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e lertextos en calquera situación.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso ensituacións cotiás ou de materias diversas.
- Expresar oralmente, de xeito ordenado e claro, calquera tipo deinformación.

***Competencia dixital***

- Elaborar e publicitar información propia derivada de información obtida através de medios tecnolóxicos.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.

***Conciencia e expresións culturais***

- Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.

***Competencias sociais e cívicas***

- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contextoda escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.

- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

***Sentido da iniciativa e espírito emprendedor***

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Contaxiar entusiasmo pola tarefa e confianza nas posibilidades de acadar obxectivos.
- Atopar posibilidades no medio que outros non aprecian.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.
- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.



***Aprender a aprender***

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa doscontidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

## 3.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

É importante que o equipo de profesionais de cada centro educativo adapte o currículo ás características do contexto de ensinanza e realice os axustes necesarios para garantir o éxito do alumnado nestas aprendizaxes que constitúen a base do currículo das ensinanzas iniciais.

As propostas de traballo, por tanto, deben estar centradas na implicación e participación activa do alumnado en diálogo co coñecemento. Deste xeito, adquirirá as competencias comunicativa e matemática necesarias para realizar as tarefas por iniciativa persoal e con autonomía. Para iso é fundamental que estean contextualizadas na realidade do alumnado e sexan adecuadas ás súas necesidades.

Esta concepción das tarefas, significativas e aplicables á vida das persoas adultas, implica realizar un achegamento multidisciplinar e global ao coñecemento, que debe conter múltiples estratexias de resolución de problemas en relación ás competencias clave da formación permanente. A proposta metodolóxica que máis se achega a este argumento didáctico e mellor responde ás necesidades dos diferentes estilos e niveis de competencia é o traballo por proxectos creativos, singulares e innovadores, especialmente se son emprendedores.

Os proxectos que se propoñan deben conter actividades sinxelas, claras, ordenadas e

sistemáticas para facilitar a adquisición das habilidades fundamentais de estudo e traballo individual e cooperativo.

**ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E AGRUPAMENTO*S.***

En función do momento e da necesidade, o alumnado traballará:

- Grandes grupos.
- Pequenos grupos.
- Parellas.
- Individualmente.



**ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS**

A metodoloxía parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1 Fase de **activación**: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contidocorrespondente.

2 Fase de **dinamización**: é o momento principal da sesión en que se produce a interactuación entre alumno-alumno, alumno-profesor.

3 Fase de **reflexión**: a sesión remata coa procura da vinculación entre o contidotraballado e a realidade.

**ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

En todas os ámbitos curriculares trataranse os seguintes elementos transversais:

–**A comprensión lectora.**

- Analizar os enunciados para impulsar a comprensión.

–**A expresión oral e escrita.**

- Produción de esquemas e/ou debuxos.
- Elaboración dun guión para presentar o texto ante un grupo de compañeiros, e transformación da estrutura do texto.
- Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto.
- Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos.
- A comunicación audiovisual.
- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión,cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.

–**As Tecnoloxías da Información e a Comunicación.**

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá.

A incorporación da informática ten como seu obxectivo conquerir o maior proveito posible das potencialidades deste medio; utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar traballos de diferente índole e para buscar información.



–**O emprendemento.**

As habilidades empreendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análise, capacidade de síntese, visión emprendedora.
- Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.
- Habilidades sociais: traballos grupais, comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa.

**MATERIAIS E RECURSOS.**

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Uso das TIC.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos.
- Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc.

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Proposta de posibles actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar.

## 3.6 TEMPORALIZACIÓN.

O desenvolvemento dos distintos contidos establecidos no currículo para o ámbito *da ciencia, tecnoloxía e sociedade no mundo actual* levaranse a cabo ao longo do presente curso escolar nos distintos trimestres quedando secuenciados do seguinte modo:

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXIA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL |
| --- |

| | | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **MODULO I A TERRA** | *Bloque 1- O noso universo*<br>*Bloque 2 – Xeografía física.*<br>*Bloque 3 –Xeografía humana,política e Económica*<br>*Bloque 4 – Materia inerte* |
| **2º TRIMESTRE** | **MODULO II O TRABALLO** | *Bloque 1- Tecnoloxía*<br>*Bloque 2 – Materia inerte*<br>*Bloque 3 - Ecosistemas e seresvivos*<br>*Bloque 4– Funcionamento do corpo huma* |
| **3º TRIMESTRE** | **MODULO III A VIDA EN COMUNIDADE** | *Bloque 1- Perspectiva histórica*<br>*Bloque 2 – Xeografía humana,política e económica.*<br>*Bloque 3- Tecnoloxía* |

## 3.7 AVALIACIÓN

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas.

A avaliación será **continua**, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será **global**, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas quea integran. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.

**Avaliación inicial**

A avaliación inicial será levada a cabo a través dunha proba ademais da observación sistemática por parte do profesorado a nivel individual e grupal.

**Avaliación continua**

Probas escritas correspondentes as unidades así como o traballo diario na aula. Tamén a través da observación diaria: valoración do traballo diarios.

**Instrumentos de cualificación e ponderación.**

Estimamos oportuno asumir como válidos as porcentaxes seguintes:

40% traballo na aula

40% asistencia ao centro educativo

20% probas

## 4. ÁMBITO DO DEDESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL ELABORAL



### a. OBXECTIVOS XERAIS.

As ensinanzas básicas iniciais (EBI) contribuirán a desenvolver nos adultos as capacidades que lles permitan:

- ≈ Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrarde acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- ≈ Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- ≈ Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- ≈ Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- ≈ Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- ≈ Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativabásica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- ≈ Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.
- ≈ Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- ≈ Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

- ≈ Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- ≈ Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- ≈ Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modosde comportamento que favorezan o seu coidado.
- ≈ Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- ≈ Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ≈ Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas
- ≈ e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.



## 4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO EINICIATIVA PERSOAL E LABORAL:

1. Fomentar a autovaloración, o autocoñecemento, a autoconciencia emocional e a respectabilidade persoal, para desenvolver un autoconcepto e un estilo persoal positivo.
2. Coñecer ferramentas e estratexias na busca de emprego: elaboración axeitada do currículum, redación de cartas de presentación, elaboración de anuncios de emprego...
3. Coñecer estratexias de regulación emocional e reestruturación cognitiva que lle permitan controlar e superar os sentimentos negativos e as situacións adversas.
4. Desenvolver a capacidade para tomar decisións e comprometerse cun mesmo e coas persoas que o rodean, para entender o valor da responsabilidade.
5. Mellorar a capacidade de emprendemento para afrontar retos diversos e poder innovar en ámbitos nos que se desenvolve habitualmente.
6. Incrementar a automotivación e a autonomía persoal a través daproposta de desafíos e a resolución de problemas.
7. Coñecer e tomar conciencia dos beneficios sociais e económicos queproporciona a iniciativa privada á sociedade na que vivimos.
8. Desenvolver habilidades de comunicación verbal e non verbal que permitan participar en actos comunicativos diversos, respectando o espazo dos interlocutores e evitando os elementos inhibidores da comunicación.

9. Utilizar o diálogo como medio que permita expresar, interpretar e conectar pensamentos e argumentos que favorezan a comunicacióne o recoñecemento de elementos comúns de diversos puntos de vista.
10. Adquirir nocións básicas sobre a intelixencia interpersoal e o altruísmo, que fortalezan a cohesión grupal, a interacción social e actitudes desinteresadas cara ás persoas que o rodean.
11. Analizar as causas e as consecuencias de prexuízos de diversa índole para desenvolver o respecto e a tolerancia cara ás diferenzas persoais e sociais.
12. Resaltar a vulneración de dereitos e liberdades fundamentais a través da análise de feitos sociais discriminatorios, tales como oholocausto, os campos de concentración, o maltrato e as minorías étnicas.
13. Desenvolver a cooperación e a interdependencia positiva para equilibrar as carencias individuais e potenciar actitudes colaboradoras que permitan afrontar retos comúns e crear lazos afectivos duradeiros.
14. Recoñecer e respectar os dereitos e deberes dos cidadans.
15. Aprender a resolver situacións de conflito realizando xuízos morais, utilizando unha linguaxe positiva e aplicando as fases da mediación formal, para transformar as devanditas situacións en oportunidadesde aprendizaxe e crecemento persoal.
16. Entender o significado da responsabilidade e a xustiza social para poder detectar e analizar situacións de desigualdade social no seu ámbito máis próximo.
17. Tomar conciencia da importancia de exercer os dereitos e os deberesderivados do pagamento de impostos para gozar dos beneficios que nos achegan e previr desequilibrios económicos e sociais.

## 4.3 CONTIDOS,CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES E RESULTADOS DE APRENDIZAXE AVALIABLES ECOMPETENCIAS CLAVE.



| ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL. NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO I: A TERRA** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1. Intelixencia emocional** | | | |
| • a<br>• o | B1.1.Estilo persoal positivo.<br>B1.2.Trazos de personalidade.<br>B1.3.Canalización de emocións. | B1.1.Utilizar a linguaxe para expresar as reflexións persoais e describirse dun modo axustado, autorregularse e interactuar dun xeito positivo cos demais, resolvendo os problemas e os conflitos dun xeito pacífico; e expresar procedementos, deseñar e desenvolver proxectos axeitados aos intereses, necesidades e valores persoais de acordo co contexto | B1.1.1. Expresa pensamentos, intencións e posicionamentos cun estilo positivo e construtivo, destacando os logros e reformulando as dificultades como aspectos a mellorar. | • CCL<br>• CSIEE |
| | | | B1.1.2.Emprega correctamente as estratexias de escoita activa ao interactuar cos demais. | • CSC |
| | | | B1.1.3. Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de xeito dialogada. | • CCL |
| | **Bloque 2: Participación social** | | | |
| • b<br>• c<br>• d | B2.1.Respecto e dignidade persoal.<br>B2.2.Interculturalidade. Interrelixiosidade.<br>B2.3. Altruísmo. Condutas solidarias.<br>B2.4. Conceptos básicos de dereito. | B2.1. Empregar o razoamento lóxico para prever as consecuencias positivas e negativas de diferentes cursos de acción; tomar decisións de xeito fundamentado e realizar xuízos éticos ou morais, sen deixarse levar por prexuízos ou emocións e atendendo ás consecuencias da decisión. | B2.1.1.Identifica vantaxes e inconvenientes dunha decisión antes de tomala, xerando alternativas persoais valiosas | • CSIEE |
| | | | B2.1.2.Infire correctamente o sentido das expresións e o estado emocional dos interlocutores cos que dialoga. | • CCL |
| | | | B2.1.3.Resolve dilemas morais | • CAA |
| | | | B2.1.4. Recoñece e expresa mediante diagramas de fluxo ou redaccións as consecuencias dos prexuízos nas relacións interpersoais e na toma de decisións | • CCL |

| ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL. NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | MÓDULO II: O TRABALLO | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1. Intelixencia emocional** | | | |
| • a<br>• b<br>• e | B1.1.Resiliencia e reestruturación cognitiva.<br>B1.2.Estratexias de resolución pacífica de conflitos.<br>B1.3.Traballo en equipo. Afinidade e compenetración. | B1.1.Utilizar a linguaxe para expresar as reflexións persoais e describirse dun modo axustado, autorregularse e interactuar dun xeito positivo cos demais, resolvendo os problemas e os conflitos dun xeito pacífico; e expresar procedementos, deseñar e desenvolver proxectos axeitados aos intereses, necesidades e valores persoais de acordo co contexto | B1.1.1.Es capaz de mediar para a resolución pacífica de conflitos cotiáns | • CCL<br>• CSIEE |
| | | | B1.1.2.Expresa pensamentos, intencións e posicionamentos cun estilo positivo e construtivo, destacando os logros e reformulando as dificultades como aspectos a mellorar. | • CCL |
| | | | B1.1.3.Emprega estratexias comunicativas asertivas que facilitan a resolución de conflitos de xeito dialogada. | • CCL<br>• CSIEE |
| | **Bloque 2. Iniciativa persoal** | | | |
| • a<br>• e<br>• f<br>• i<br>• p | B2.1.Toma de decisións.<br>B2.2.Empregabilidade e empresa.<br>B2.3.Entidades financeiras.<br>B2.4.Autoemprego.<br>B2.5.Ferramentas informáticas para a busca de emprego | B2.1.Usar ferramentas dixitais que permitan consultar documentación oficial, acceder a prestacións sociais, buscar emprego ou publicitar a propia actividade profesional e facer un uso | B2.1.1.Realiza buscas en Internet de actividades lúdicas e culturais que se están a ofertar na súa comunidade ou concello | • CD |
| | | | B2.1.2.Elabora anuncios curtos susceptibles de publicarse *online* empregando procesadores de texto | |

| ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL. NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | MÓDULO II: O TRABALLO | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | proveitoso da oferta de formación continua dispoñible para adultos | B2.1.3.Acede a portais de emprego e recompila información sobre postos de traballo do seu interese | |
| | | | B2..1.4.Obtén e contrasta a información asociada cos préstamos hipotecarios. | • CD<br>• CMCCT |
| | | | B2.1.5.Valora as súas propias características e tenas en conta no proceso de busca de emprego | • CSIEE<br>• CAA |
| | | | B2.1.6.Es capaz de enfocar as súas capacidades de cara ás demandas laborais actuais | |

| ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL. NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | **Bloque 1. Participación social** | | | |
| • c<br>• e<br>• i | B1.1. Boletíns e publicacións oficiais.<br>B1.2. Partidos e sindicatos. | B1.1.Comprender e respectar a diversidade da sociedade española, valorándoa como oportunidade de colaboración | B1.1.1.Detecta a presenza de prexuízos en diversas situacións e razoa e explica as consecuencias negativas que poden ter | • CCL<br>• CSC |

| ÁMBITO DO DESENVOLVEMENTO E INICIATIVA PERSOAL E LABORAL. NIVEL II | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **MÓDULO III: A VIDA EN COMUNIDADE** | | | | |
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | para obter beneficios colectivos; ter coñecementos básicos de dereito para comprender a regulación da sociedade e participar nos diferentes ámbitos sociais | B1.1.2.Expón oralmente o funcionamento básico dun sindicato, explicando as principais funcións, recursos e servizos que ofrecen aos traballadores que representan. | |
| | | | B1.1.3.Comprende e interpreta conceptos básicos de dereito. | |
| | | | B1.1.4.Coñece as funcións básicas dos partidos políticos e os sindicatos na democracia. | • CSC |
| | | | B1.1.5.Comprende a relación de impostos, taxas e prezos públicos ligados aos servizos de natureza local, autonómica e estatal, asumindo a súa importancia para o mantemento da sociedade | |
| | **Bloque 2: Calidade de vida** | | | |
| • a<br>• e<br>• o | B2.1.Estilo de vida saudable.<br>B2.2.Proxecto de vida familiar.<br>B2.3.Planificación e organización familiar.<br>B2.4.Busca e oferta de actividades de ocio.<br>B2.5.Relaciones sociais. Amizade.<br>B2.6.Apoio e redes sociais.<br>B2.7.Adaptabilidade, flexibilidade e creatividade. | B2.1. Ser capaz de elaborar proxectos de vida significativos, nos ámbitos persoal, familiar e laboral, con creatividade e iniciativa persoal para xerar novas oportunidades; e ter as competencias necesarias para adaptarse a | B2.1.1.Expón interpretacións dun problema ou conflito persoal e propón estratexias para transformar os aspectos negativos en oportunidades de cambio e mellora. | • CCL<br>• CSC |
| | | | B2.1.2.Valora a flexibilidade cognitiva para superar problemas e razoa a importancia de identificar correctamente | • CSC<br>• CAA |

## 4.4 CONTRIBUCIÓN DO ÁMBITO AO DESENVOLVEMENTO DASCOMPETENCIAS CLAVE.

Traballar por competencias clave supón unha reflexión e reconfiguración dos contidos dende un enfoque de aplicación que permita o adestramento destas. As competencias non se estudan nin se ensinan, adéstranse. Para iso, son necesarias tarefas de aprendizaxe onde se favoreza a aplicación do coñecemento mediante metodoloxías activas.



A finalidade do *ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral* é que o alumnado chegue a posuír a formación necesaria para tomar decisións, resolver os seus problemas e afrontar os principais desafíos da sociedade actual; adquira as habilidades para relacionarse de maneira eficaz coa súa contorna, á vez que configure valores persoais e cívicos valiosos que contribúan a incrementar a súa calidade de vida. Este ámbito ten, en definitiva, o obxectivo de construír unha base sólida de saberes, formas de proceder e un talante que permita á persoa desenvolverse plenamente ao longo da súa vida. As contribucións deste ámbito á adquisición das competencias clave da aprendizaxe ao longo da vida son:

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia etecnoloxía (CMCCT).**

A aprendizaxe deste ámbito contribúe á adquisición da competencia matemática ao aplicar os procesos de razoamento lóxico durante a interacción do alumnado co contexto físico e social para comprender o funcionamento básico do sistema económico e político actual e ao elaborar plans de acción que permitan alcanzar obxectivos persoais, familiares e profesionais relevantes e mellorar a calidade de vida. Alén diso, fomenta a capacidade crítica e a aptitude apropiada para a elaboración de xuízos fundados ao confrontar problemas cotiáns e aplicar o razoamento lóxico para comprender estadosemocionais e resolver conflitos persoais e dilemas morais, así como anticipar as consecuencias que poden causar as súas accións e decisións. A aplicación dos coñecementos matemáticos permite ao individuo emprender proxectos económicos a nivel persoal e profesional. Por outra banda, desenvólvense as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía aplicando, tanto o método científico de resolución de problemas como o manexo de ferramentas e dispositivos sinxelos, relacionados coa ciencia e a tecnoloxía, nos diversos problemas e desafíos aos que un cidadán se enfronta na actualidade. Os descritores que se poden empregar serán:

- Elaborar plans de acción e proxectos que permitan atinxir os obxectivos persoais e grupais.
- Mellorar a calidade de vida empregando estratexias aprendidas.
- Fomentar a capacidade crítica e a aptitude apropiada para aelaboración de xuízos.
- Resolver pacificamente os conflitos xerados dos traballos en equipo.
- Desenvolver a educación emocional así como as habilidades sociais na convivencia.

**Comunicación lingüística (CCL).**

O ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral contribúe ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística achegando a formación necesaria para o correcto uso da lingua, de maneira positiva e respectuosa, como medio de interacción co mundo social que arrodea o alumnado, demostrando asertividade, mellorando as habilidades sociais e comunicativas, proporcionando ferramentas para expresar adecuadamente os seus propios intereses, resolvendo os conflitos mediante o diálogo, perfeccionando o autocoñecemento empregando a linguaxe interna e ametacognición, imprescindibles ambas, tanto para a autorregulación e aautomotivación, como para a aprendizaxe autónoma. A través deste ámbitotamén se proporcionan ao alumnado os coñecementos sobre o mundo,concretamente, sobre o funcionamento da sociedade na que vive, á vez que sefamiliariza con estilos comunicativos formais propios das administraciónspúblicas e as empresas. As persoas adultas han de adquirir tamén a habilidade de dispoñer de recursos lingüísticos suficientes para interpretaren ecomunicaren información sobre aspectos da sociedade, calidade de vida,proxectos persoais e profesionais, así como para expresaren correctamentesentimentos, pensamentos, experiencias e ideas durante interaccións sociais,cumprindo as normas do intercambio comunicativo, escoitando e valorando asachegas doutras persoas á conversación. Os descritores que se poden empregar serán:

- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Comprender o sentido dos textos escritos.
- Gozar coa lectura.
- Expresar oralmente de xeito ordenado e claro calquera tipo de información.
- Utilizar o coñecemento das estruturas lingüísticas, as normas ortográficas e as gramaticais para elaborar textos escritos.
- Manexar elementos de comunicación non verbal, en diferentes rexistros, nas diversas situacións comunicativas.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Compoñer distintos tipos de textos de forma creativa e con sentido literario.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

**Competencia dixital (CD).**

Unha finalidade primordial deste ámbito é introducir as persoas adultas no mundo das novas tecnoloxías e aprenderlles a facer un bo uso da informática, co obxectivo de adquiriren destrezas dixitais que lles permitan aprender de maneira autónoma, aproveitando os recursos dispoñibles na rede. Tamén contribúe a desenvolver a competencia dixital ao achegar habilidades e destrezas para satisfacer necesidades básicas cotiás e responder axeitadamente ás demandas e oportunidades presentes na nosa sociedade mediante o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación. A aprendizaxe neste ámbito implica a realización de actividades tales como elaborar os seus propios documentos persoais en formato dixital, realizar trámites administrativos de forma telemática, acceder a portais de emprego ou difundir a propia actividade profesional, que requiren un coñecemento básico do funcionamento das administracións, institucións, entidades e empresas no eido tecnolóxico. Os descritores nesta competencia serán:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada de información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
- Comprender as mensaxes elaboradas en códigos diversos.
- Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.
- Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

Os contidos do ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral reverten na adquisición da competencia en conciencia e expresións culturais, ao incidiren na importancia dun lecer de calidade ao proporcionaren ao alumnado ferramentas valiosas para informarse e aproveitar as ofertas culturaise lúdicas dispoñibles na contorna, e ao transmitiren a importancia dunha participación activa na vida cultural da nosa sociedade. Preténdese, ademais, fomentar o interese polas expresións artísticas e actividades de lecer das diferentes culturas que conforman a nosa sociedade. Os descritores que adestraremos nesta competencia son:

- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza nas expresións artísticas e no cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.
- Mostrar respecto cara ás obras máis importantes do patrimonio cultural anivel mundial.

**Competencias sociais e cívicas (CSC).**

As competencias sociais e cívicas trabállanse desde o ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral a través do estudo de conceptos básicos de dereito, economía e sociedade, que facultan ao cidadán para participar de maneira activa na sociedade. Así mesmo, encamiña á capacitación do alumnado para comprender o funcionamento do mundo que habita, ser consciente das súas responsabilidades no ámbito persoal e familiar, percibir o impacto social das súas accións e actuar de acordo ás normas de convivencia e aos valores cívicos establecidos, así como desenvolver os propios, baseados no respecto e responsabilidade individual. Ademais, mediante o estudo da composición da sociedade e dos dereitos e deberes universais, procúrase promover tanto a tolerancia e respecto á diversidade canto unha actitude de cooperación, de altruísmo e de colaboración en redes de apoio social, que permita ao individuo ser útil e sentirse valorado na sociedade. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciamos a continuación:



- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito, referendado por unha norma suprema chamada Constitución española.
- Desenvolver a capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo, e para a resolución de conflitos.
- Mostrar dispoñibilidade para a participación activa en ámbitos de participación establecidos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.
- Concibir unha escala de valores propia e actuar conforme a ela.
- Evidenciar preocupación polos máis desfavorecidos e respecto aos distintos ritmos e potencialidades.
- Involucrarse ou promover accións cun fin social.

***Sentido de iniciativa e espírito emprendedor* (SIEE).**

Neste caso, os descritores a adestrar serían:

- Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas.
- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo superando as dificultades.
- Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.
- Xestionar o traballo do grupo coordinando tarefas e tempos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou proxectos.

- Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución dos obxectivos.
- Encontrar posibilidades no contorno que outros non ven.
- Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.

***Aprender a aprender* (CAA).**

Os descritores que poderiamos utilizar para adestrar esta competencia serían:

- Identificar potencialidades persoaiscomo aprendiz: estilos deaprendizaxe, intelixencias múltiples, funcións executivas...
- Desenvolver as distintas intelixencias múltiples.
- Xestionar os recursos e as motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
- Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
- Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos
- Planificar recursos necesarios e pasos a realizar no proceso de aprendizaxe.
- Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.
- Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.



## 4.5 ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS.

Os contidos do ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral tratan aspectos relevantes para desenvolver a intelixencia emocional e manter o equilibrio persoal, impulsan a autonomía e iniciativa do alumnado, posibilitan o benestar individual e propician unha mellor integración das persoas na sociedade. Estes contidos agrúpanse en catro grandes bloques conceptuais: intelixencia emocional, dirixida á mellora do autocoñecemento, autorregulación e autocontrol; a participación social, que inclúe temas de economía, dereito e sociedade aplicados e dirixidos a formar cidadáns informados; a calidade de vida, bloque destinado a mellorar as habilidades de organización no persoal; e, por último, a iniciativa persoal, que ofrece recursos para o alumnado poder iniciar proxectos persoais en calquera contexto.

A metodoloxía de ensino e aprendizaxe deste ámbito debe estar fundamentada na realización de proxectos conectados coas vivencias cotiás das persoas adultas e hase de asentar nas experiencias previas e na bagaxe cultural que cada alumno e alumna acheguen á súa actividade formativa.

O desenvolvemento da autonomía e a iniciativa persoal son aspectos clave neste ámbito, polo que predominarán actividades autodirixidas, centradas na plena participación do alumnado no

seu propio proceso de aprendizaxe, que ofrezan a posibilidade de aplicar as aprendizaxes a ámbitos persoalmenterelevantes.

As propostas didácticas han de enfocarse a dotar á persoa de ferramentas que lle permitan levar a bo termo proxectos persoais e profesionais, individuais e colectivos, semellantes aos posibles retos presentes e futuros da súa vida diaria. En todo momento débese ter presente a compoñente social do proceso de aprendizaxe e deberán aproveitarse todas as oportunidades para formar o individuo en aptitudes de cooperación e de comunicación con persoas da súa contorna que favorezan a adquisición de condutas asertivas e colaborativas. 

Así mesmo, cómpre que se expoñan proxectos que contribúan a que o alumnado desenvolva unha imaxe axustada de si mesmo e do contorno no que se desenvolve; identifique necesidades e intereses propios e alleos e os satisfaga; pense e acometa plans persoais, académicos e laborais. As tarefas e as actividades contidas nos proxectos presentarán exercicios de reflexión que potencien procesos de pensamento complexos e a análise de feitos e situacións, para detectar causas, implicacións e consecuencias.

Deben facilitarse instrucións para aprender a observar, recoñecer, examinar, analizar, diferenciar, considerar, estudar, sintetizar, expresar, explicar, representar e expoñer de maneira coherente emocións, pensamentos, experiencias e ideas. Ter en conta as instrucións axudará ao alumnado para ser quen de atender, concentrarse, autorregularse, escoitar activamente, empregar a linguaxe interna, meditar, deliberar, especular, cooperar e axuizar para resolver os problemas reais. Os procesos emprenderanse empregando servizos e recursos humanos e materiais ao alcance do alumnado na súa vida cotiá a través da oferta de entidades, institucións e administracións públicas e privadas.

As tecnoloxías da información e da comunicación, utilizadas como ferramentas de traballo nos procesos de aprendizaxe, serán fundamentais para facilitar ao alumnado o acceso ao currículo e a resolución de problemas de aprendizaxe. Doutra banda, as novas tecnoloxías constituiranse en contidos esenciais dos proxectos pola súa importancia destacada na sociedade actual.

Os estándares de aprendizaxe propostos para o ámbito de desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral contribúen a propoñer, planificar e implantar plans en todos os ámbitos da vida, así como a desenvolver un sentido crítico propio para valorar de maneira razoada a realidade persoal e social: elaborar valoracións axustadas de si mesmo, aproveitar as oportunidades de cambio, dispoñer de flexibilidade cognitiva para superar os problemas e informarse e reflexionar de maneira crítica sobre a realidade social actual. Tamén, os estándares de aprendizaxe implican a procura de actividades de lecer, significativas e construtivas, a organización do tempo libre e a introdución ao mundo dixital e á nova oferta cultural dispoñible na rede, todo iso desenvolvendo unha actitude aberta e tolerante cara a todas as culturas que conviven en España actualmente, respectando a dignidade persoal e valorandoa inclusión social.

Os criterios de avaliación permiten valorar o nivel de destreza acadado polo alumnado en cada unha das competencias clave para relacionarse de maneira óptima consigo mesmo e co seu contorno, reflexionar sobre os seus intereses e obxectivos, expor e desenvolver plans de acción e facer un bo uso da vasta cantidade, calidade e variedade de recursos dispoñibles na sociedade actual. Tomados como punto de referencia, os criterios de avaliación poden orientar a formación cara ao desenvolvemento dunha cidadanía capaz, proactiva, creativa, flexible e autónoma, que contribúa a mellorar tanto a súa calidade de vida como a das persoas da súa contorna e da sociedade en xeral.



**ORGANIZACIÓN DO ESPAZO E AGRUPAMENTOS.**

En función do momento e da necesidade, o alumnado traballará:

- Grandes grupos.
- Pequenos grupos.
- Parellas.
- Individualmente.

**ORGANIZACIÓN DAS SESIÓNS.**

A metodoloxía parte da necesidade do establecemento de tres momentos temporais diferenciados dentro de cada sesión didáctica.

1 Fase de **activación**: está orientada a captar a atención do alumno e que a través de distintas propostas se prepare para a aprendizaxe do contido correspondente.

2 Fase de **dinamización**: é o momento principal da sesión en que se produce a interactuación entre alumno-alumno, alumno-profesor.

3 Fase de **reflexión**: a sesión remata coa procura da vinculación entre o contido traballado e a realidade.

**ELEMENTOS TRANSVERSAIS DO CURRÍCULO.**

En todas os ámbitos curriculares trataranse os seguintes elementos transversais:

- **A comprensión lectora.**
    - Analizar os enunciados para impulsar a comprensión.
    - Uso de distintas tipoloxías textuais.

- **A expresión oral e escrita.**
    - Produción de esquemas e/ou debuxos.
    - Elaboración dun guión para presentar o texto ante un grupo de compañeiros, e transformación da estrutura do texto.

- Falar, escribir, debuxar e comunicar o que len nun texto.
- Discutir e razoar sobre as cuestións contidas nos textos.
- A toma de decisións e a súa argumentación; a comunicación entre o grupo,o respecto e a aceptación das opinións dos demais; así como o traballo cooperativo para aprender dos outros e cos outros. Ao interaccionar cos demais (xa sexa traballando en pequeno grupo ou en gran grupo) débense esforzar tanto en se facer entender como en escoitar os demais.
- Expresar o enunciado dunha actividade coas propias palabras e ser capaz de reelaboralo tendo en conta diferentes indicacións.



– **A comunicación audiovisual.**

- Incrementar a comprensión crítica dos medios de comunicación: televisión, cine, vídeo, radio, fotografía, materiais impresos e programas de ordenador.
- Desenvolver o pensamento crítico e a capacidade creativa a través da análise e a produción de materiais audiovisuais.

– **As Tecnoloxías da Información e a Comunicación.**

As novas tecnoloxías están cada vez máis presentes na nosa sociedade e forman parte da nosa vida cotiá.

A incorporación da informática ten como seu obxectivo conquerir o maior proveito posible das potencialidades deste medio; utilízase como recurso didáctico para aprender os diversos contidos que se van tratar, para presentar

traballos de diferente índole e para buscar información.

- **O emprendemento.**

As habilidades empreendedoras son as seguintes:

- Habilidades persoais: iniciativa, autonomía, capacidade de comunicación, sentido crítico, creatividade, adaptabilidade, observación e análise, capacidade de síntese, visión emprendedora.
- Habilidades cognitivas: expresión e comunicación oral, escrita e plástica; aplicación de recursos TIC na aula.
- Habilidades sociais: traballos grupais, comunicación; cooperación; capacidade de relación co contorno; empatía; habilidades directivas; capacidade de planificación; toma de decisións e asunción de responsabilidades; capacidade organizativa.

**MATERIAIS E RECURSOS.**

A continuación faremos referencia aos recursos empregados como medio para canalizar a acción docente durante o curso escolar.

- Uso das TIC.
- Aplicacións sinxelas que permitan realizar presentacións.
- Recursos audiovisuais, prioritariamente o uso de fotografías e vídeos sinxelos.
- Uso das actividades interactivas, animacións, vídeos, autoavaliacións, etc.facilitadas pola editorial.
- Uso do ximnasio, pizarra dixital, fichas.



**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.**

Proposta de posibles actividades complementarias:

- Visitas a museos e institucións culturais.
- Conmemoracións sinaladas no calendario escolar.

## 4.6 TEMPORALIZACIÓN.

O desenvolvemento dos distintos contidos estabelecidos no currículo para o ámbito do *Desenvolvemento e iniciativa persoal e laboral* levaranse a cabo ao longo do presente curso escolar nos distintos trimestres quedando secuenciados do seguinte modo:

| ÁMBITO DA CIENCIA, TECNOLOXIA E SOCIEDADE NO MUNDO ACTUAL | | |
|---|---|---|
| **1º TRIMESTRE** | **MODULO I A TERRA** | *Bloque 1 - Intelixencia emocional*<br>*Bloque 2 –Participación social* |
| **2º TRIMESTRE** | **MODULO II O TRABALLO** | *Bloque 1 - Intelixencia emocional*<br>*Bloque 2 – Iniciativa persoal* |
| **3º TRIMESTRE** | **MODULO III A VIDA EN COMUNIDADE** | *Bloque 1 – Participación social*<br>*Bloque 2 – Calidade de vida* |

## 4.7 AVALIACIÓN.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado nesta etapa educativa será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto das áreas. A avaliación será continua, xa que estará inmersa no proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado, coa finalidade de detectar as dificultades no momento en que se producen, analizar as causas e, desta maneira, adoptar as medidas necesarias que lle permitan ao alumnado mellorar o seu proceso de aprendizaxe e

garantir a adquisición das competencias clave para continuar o proceso educativo.

A avaliación será global, pois referirase ás competencias clave e aos obxectivos da etapa e a aprendizaxe do alumnado no conxunto das áreas quea integran. Os referentes serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliables establecidos para cada un dos cursos e para todas as áreas. A avaliación do alumnado con necesidades educativas especiais terá como referente os criterios de avaliación establecidos nas propias adaptacións curriculares significativas.



**Avaliación inicial**

A avaliación inicial será levada a cabo a través dunha proba ademais da observación sistemática por parte do profesorado a nivel individual e grupal.

**Avaliación continua**

Probas escritas correspondentes as unidades propostas así como o traballo diario na aula. Igualmente tamén a través da observación diaria: valoración do traballo de cada día, instrumento moi utilizado para valorar hábitos e comportamentos desexables.

**Instrumentos de cualificación e ponderación**

Estimamos oportuno asumir como válidos as porcentaxes seguintes:

40% traballo na aula

40% asistencia ao centro educativo

20% probas